

PRIMITIVO RODRÍGUEZ SANJURJO (1880-1947)

Afonso Vázquez Monxardín

Resumo: O presente artigo contén unha achega biográfica a Primitivo Rodríguez Sanjurjo (1880-1947), representante da intelectualidade de vangarda ourensá, introdutor do orientalismo e esoterismo na cidade na segunda década do século XX, cando participou con Vicente Risco e Otero Pedrayo en varias iniciativas culturais da época pre-galeguista destes autores, entre as que destaca a revista *La Centuria*. Foi profesor de literatura española en tres universidades de Estados Unidos entre os anos 1920 e 1926. Publicou en revistas internacionais (*Síntesis*, *Mercurio*, *Mundial Magazine*) e mantivo relación con Rubén Darío, Jorge Luís Borges, Roso de Luna e outros moitos intelectuais hispanos do momento. É autor dun gabado libro de poesía, *Las Mesetas Ideales* (1910) e dunhas estrañas prosas mitolóxicas, *Escenas de Gigantomaquia* (1923). Na súa tese de doutoramento defendeu a idea da transformación radical da división provincial de España en favor dun modelo xeométrico que non histórico. Viviu os últimos anos da súa vida como profesor de xeografía no Instituto de Lugo. No ano 2011 a súa familia fixo doazón á Real Academia Galega de interesantes fondos documentais relacionados co autor, entre os que se contan algunhas obras inéditas.

Abstract: This article contains a biographical approach to Primitivo Rodríguez Sanjurjo (1880-1947), a representative of the intellectual vanguard born in Ourense and the introducer of orientalism and esotericism in this city during the second decade of the twentieth century, when he participated along with Otero Pedrayo and Vicente Risco in several cultural initiatives in the pre-galicianist times of these authors. Most important among these initiatives was the magazine *La Centuria*. He was professor of Spanish literature at three universities in the United States between 1920 and 1926. He published in international journals (*Síntesis*, *Mercurio*, *Mundial Magazine*) and maintained relationship with Rubén Darío, Jorge Luís Borges, Roso de Luna and many other hispanics intellectuals of the time. He is the author

of a much praised book of poetry, *Las Mesetas Ideales* (1910), and of a strange mythological prose, *Escenas de Gigantomaquia* (1923). In his doctoral dissertation he defended the idea of a radical transformation of the provincial division of Spain in favor of a geometrical one. He lived his last years working as Professor of Geography at the High School of Lugo. In 2011 his family made the donation of documents related to the author, among which figure some unpublished works, to the Real Academia Galega.

Palabras chave: Primitivo Rodríguez Sanjurjo, esoterismo, modernismo, vangarda, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, *Las Mesetas Ideales*, *Escenas de Gigantomaquia*, *La Centuria*, revista *Nós*.

Keywords: Primitivo Rodríguez Sanjurjo, esotericism, modernism, vanguard, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, *Las Mesetas Ideales*, *Escenas de Gigantomaquia*, *La Centuria*, *Nós* magazine.

Hay que abrir las válvulas del corazón y trotar como centauros para roturar los nuevos límites circundantes del ideal humano.
(Carta a Otero Pedrayo, 23/XII/1923)

INTRODUCCIÓN

Todos os investigadores que se aproximaron ao Grupo Nós de Ourense e á figura de Vicente Risco en particular repararon no papel de guía que sobre eles, e sobre Risco de xeito moi especial, exerceu Primitivo Rodríguez Sanjurjo na etapa previa ao galeguismo. Dalgún xeito cumpriría nun primeiro momento —contra a fin da primeira década do século e primeira parte da segundo— un papel semellante, aínda que, obviamente, máis modesto e en direccións distintas, ao que uns anos despois exercería Antón Losada Diéguez. Esta influencia inicial veríase posibilitada por tres factores: a diferenza de idade (catro anos máis que Risco, oito máis que Otero), as vivencias e contactos en Madrid tamén anteriores a eles, e unha desafogada posición económica

que lle permitía estar subscrito a revistas internacionais e comprar libros que despois consultaban os amigos na súa casa.

Porén, a atracción inicial cara aos temas do ocultismo, teosofía, orientalismo, que será moi fonda pero non permanente en Risco, converteríase en radical e inmutable dentro da traxectoria vital de Primitivo. Dalgún xeito, Primitivo seguiu logo daquela data illado na súa torre de marfil, vestindo o himatión dos gregos sen “converterse” á causa “gregaria” do galeguismo como fixeron os membros de Nós, tal e como relatan, cos seus matices, en cadansúa autobiografía ideolóxica: *Arredor de si*, *Dos nosos tempos* e *Nós, os inadaptados*.

Primitivo, que rozou o éxito literario nas letras castelás co seu primeiro libro de poemas, *Las mesetas ideales* (1910), de claro sabor modernista, non acabará conseguindo máis triunfo que ter publicado algunhas colaboracións menores en importantes revistas da época levadas por vellos coñecidos da etapa madrileña, como Rubén Darío ou Jorge Luis Borges, e publicar outro libro, *Escenas de Gigantomaquia* (1923), que pasou practicamente desapercibido no ambiente literario do momento.

A delongada estada de Primitivo en universidades norteamericanas (1920-1926) —como profesor de Literatura Española enviado polo goberno de España— no momento clave do ascenso ás posicións hexemónicas da cultura galega do grupo ourensán, contribuirá ao incremento dunha distancia que se verá amortecida, no aspecto humano, polo continuo intercambio epistolar co seu amigo Ramón Otero Pedrayo. Significativamente, converteríase Otero en figura moito máis próxima a el que Vicente Risco, a quen, de principio, unirían maiores afinidades ideolóxicas. Unha máis íntima proximidade familiar e humana e o infrutuoso esforzo polas oposicións de ensino medio acabárono por achegar moito máis ao antigo compañeiro de pensión de Madrid, que a un Risco, cuxa evolución, desde a teosofía á teorización do nacionalismo, non comprendía nin compartía. Otero, que nunca asumiu eses temas, estaría a salvo de posibles reproches intelectuais.

En calquera caso, a tardía incorporación ao ensino cando contaba 51 anos e a súa chegada a Lugo desde Úbeda, poucos meses antes do inicio da Guerra Civil, farán que viva os once últimos anos da súa vida, repregado sobre unha función docente que exercía dunha forma moi persoal, como lembran os seus vellos alumnos.

A doazón á Real Academia Galega, no verán de 2012, de materiais da súa biblioteca e, sobre todo, do seu arquivo, por parte da súa filla Josefina, nacida

en Ithaca, Nova York, durante a docencia de seu pai nesa universidade, abre a porta a futuras investigacións que deiten luz sobre a vida e obra deste intelectual ourensán, e das que estas notas pretenden ser un primeiro avance.

FAMILIA E INFANCIA

O 27 de novembro de 1880 nace no número 1 da modesta Rúa Pizarro, antiga Rúa Escura de Ourense, un neno que é inscrito no Rexistro co nome de Primitivo Elio, fillo de Juan Rodríguez Montero e de Casilda Sanjurjo Aguilar. Pai e nai proceden de Puebla de Sanabria de onde son naturais, tamén, tres dos catro avós. Juan Rodríguez Montero estableceu con grande éxito unha sociedade comercial á que incorporou outros irmáns (Florencio, José, Dolores...) que foron chegando desde a vila de orixe.

En poucos anos os irmáns Rodríguez Montero —que pouco a pouco foron abandonando o Rodríguez e pasaron a usar só o Montero— teceron unha ampla rede de distribución por cidades e vilas da Galicia Sur perfectamente rastrexable polas cartas comerciais que van desde 1886 a 1906 contidas nas caixas de documentación doadas á Real Academia Galega. Os irmáns lograron unha considerable fortuna e investiron en propiedades inmobiliarias: cinco edificios entre a Praza Maior e a Alameda e o antigo Pazo urbano da familia Valladares, no número un da rúa Raíña Victoria, antes Porta da Aira, cun amplísimo terreo de varias hectáreas dedicado á produción agraria e gandeira e que era a paixón do pai de Primitivo.

Primitivo foi o primoxénito e único varón do matrimonio e tivo catro irmás, Fausta, Teresa, Josefa María e María de la Concepción Lucila. Xa desde o nacemento da primeira irmá, dous anos despois del, o domicilio será na Praza Maior de Ourense, esquina coa actual rúa de Lamas Carvajal, onde estaba situado o vello Instituto, no que ingresaría en 1889. Alí terá o primeiro contacto co núcleo dos transcendentales profesores da institución: Marcelo Macías, Antonio Gaité e Antonio Torres. Remata o bacharelato en xuño de 1895 con moi boas cualificacións. En conxunto, no seu expediente, aparecen once sobresalientes, dous notables e un aprobado. Un alumno, pois, moi brillante. Debeu coincidir no centro nalgún curso con Vicente Risco que era catro anos máis novo, pero non xa con Florentino Cuevillas (seis anos menos) nin con Otero (oito anos). Aínda así, a sona de Primitivo estendíase entre os estudantes sensi-

bles das seguintes xeracións. Sinala Otero no capítulo que lle dedica n’*O libro dos amigos*, cando fala do seu coñecemento en Madrid, en 1905:

Coñecía de vista e sona a R. Sanxurxo. Remataba os seus estudos na Universidade. Era un xove, un “polo”. Díciase entre os estudantes de VI ano de Instituto ser R. Sanxurxo moi sabio en cousas e mitos de Exipto, no misterio órfico.

ESTUDOS E FALADOIROS

Entre 1896 e 1901 Primitivo estuda Dereito en Salamanca. Estes anos son tempos especialmente convulsos nos que Primitivo libra do servizo militar e da Guerra de Cuba, como adoitaban facer na época os mozos de familias burguesas e abastadas, pagando unha cota de 1.500 pesetas.

O feito de que estude leis é fácil de explicar, pois era a alternativa habitual querida polas familias deste perfil. Lembremos, por exemplo, que Risco e Otero Pedrayo tamén as estudaron, inicialmente. Primitivo non gardou un especial recordo da cidade helmántica, só o contacto con Unamuno. Otero, pon voz ás lembranzas prestadas polo amigo, na obra citada:

Tiña estudiado Dereito en Salamanca. Mañá de rúa Libreiros, o angarento bico e farpa dunha terratenente, a “Corneja” que pechaba os seus trigos en días de fame, o falar suave xulgando os “ismos” dun obispo de Ciudad Rodrigo, algunha frase, o perfil de Unamuno no aire curtado en Xeometría xugosa da praza como de evonibus e roseiras de marzal, eran as lembranzas, con outras poucas, de Salamanca en R. Sanxurxo. Dos Dixestos e Xurisprudencia soio lle quedou a pesadume de enormes e farragosos trens de mercancías enturbando o ar da tarde do ledó pasear, amestando de deberes pesados as horas.

Así que remata esta carreira, en setembro de 1901, trasládase a Madrid a estudar algo máis do seu gusto. Realiza a carreira de Filosofía e Letras, Sección de Historia, na Universidade Central de Madrid, onde será tamén bo estudante, pois conclúe en xullo de 1905. A especialidade da súa preferencia, e á que dedica a súa temperá tese de doutoramento, é Xeografía.

Sen dúbida foi nestes iniciais anos madrileños, 1901-1905, cando entrou en contacto máis intenso cos faladoiros literarios nos que modernismo, teosofía, espiritismo eran cuestións candentes. A presenza de Rubén Darío en España, enviado con motivo dos fastos dos centenarios en 1892, prolongarase en presenzas variadas e constantes ata 1909 en que se trasladará a Francia, e será un elemento dinamizador dunha anovación estética á que se sumará Primitivo. Son os tempos en que Roso de Luna espallaba as teorías teosóficas de Elena Blawasky e Rafael Cansinos Asséns, Guillermo de la Torre e outros participaban nun variado e dinámico ambiente de faladoiros e con interese nas novas estéticas. Nese Madrid vocacionalmente cosmopolita, recollido de forma amena na obra de Rafael Cansinos *La novela de un literato*, haberá un grupo de ourensáns degoirantes de participación no mundo cultural e cos que terá algúns contactos: Xavier Bóveda, Antonio Rey Soto e o xornalista Eugenio López Aydillo.

Así, en 1905, con vinte e cinco anos, poucas semanas despois de acabada a súa segunda carreira universitaria, e poucas semanas antes da presentación da tese, encóntrase cun Otero Pedrayo de dezasete anos que chegara a Madrid para estudar Letras e Dereito. Entrambos iníciase unha intensa amizade que, a pesar das distintas formas de ver o mundo e as súas traxectorias vitais, durará toda a vida. Decía Otero rememorando este encontro:

Polo outono de 1905 coñecín a Primitivo R. Sanxurxo no café Universal de Madrid. Tres ou catro días levaba eu descubrindo os bairros entre San Bernardo e a Red de San Luis e o engado dos solpores dende o Arco de Alcalá. No Universal faciamos tertulias estudantes canarios e galegos...

[...]

R. Sanxurxo entrou unha noite coa súa figura envarada. Mirou caras de rapaces ourensáns que lle soaban a xente coñecida. En dous minutos fomos amigos, puros amigos sen néboa, nin sombra de desconfianza entre nós.

Despois deste encontro inicial, esa amizade levaraos a viviren xuntos. Nunha necrolóxica sobre Cuevillas (publicada na homenaxe a Cuevillas de Galaxia, 1957), Otero afirma, falando difusamente, sobre “os anos 8 ou 9”:

Viviamos Cuevillas e máis eu con Primitivo R. Sanjurjo, na rúa do Prado non lonxe do Ateneo, en casa de hóspedes moi leda e de púbrico variado.

Tiñamos rexas porfías políticas i estéticas cos estudantes navarros despois xa das ceas servidas por a xentil Josefina, dona deixada por o esposo, muller como unha frol de virtude de aceiro.

Seguramente foi Otero Pedrayo o introdutor de Primitivo na vida de Vicente Risco e Florentino Cuevillas durante as tempadas de vacacións de ambos na cidade natal, pois Otero viviu en Madrid cun cuñado de Primitivo, Ubaldo Álvarez Ruíz, e os outros amigos ourensáns non irán vivir a Madrid ata ben despois del. Cuevillas só uns meses, en 1909, e Risco ata 1913.

Será contra esa data de 1909 cando Cuevillas é testemuña directa dunhas gabanzas de Rubén Darío a Primitivo que el testemuñaría perante o público ourensán, anos máis tarde.

A TESE E O FRACASO OPOSITOR

Poucos meses despois de rematada a carreira, o 18 de novembro de 1905, presenta unha revolucionaria tese de doutoramento titulada *Errores de la división provincial de España y fundamentos geográficos para una nueva división en provincias*. A extensión, para o paradigma actual, é sorprendente (49 páxinas), pero non o son menos, sen dúbida tamén para o tribunal, as ideas que nela se conteñen. Otero Pedrayo, xeógrafo, se cadra por amigo, nunca a mencionou sequera.

O razoamento da tese non é complicado. Segundo a súa opinión, o desfacemento de as provincias teren tamaños tan distintos (pon o exemplo de Badaxoz con 21.848,01 quilómetros cadrados, e Guipúscoa con 1.884,71), poboacións moi diversas (de Soria a Madrid, por exemplo) e de seren as formas tan irregulares, coas capitais, moitas veces, como no caso de Badaxoz, nun extremo do seu territorio, xustifica a conveniencia de refacer completamente o mapa provincial de España. Carga contra unha división debedora da historia e propón unha puramente xeográfica baseada en catro elementos:

1º Las corrientes de los ríos; 2º, las aristas de las montañas; 3º, los meridianos y los paralelos, y 4º, una línea recta cualquiera.

Na parte final *Ensayo de la división en provincias de la Península Ibérica, según el fundamento anterior* fai a súa proposta divisoria que terá como base as “cuencas hidrográficas principales”, organizadas en candansúa “vertiente”. As “cuencas”

divídense en “provincias”. As que non están en “cuencas” moi definidas agrúpaas como “aisladas” dentro das “vertientes”. De cada unha das provincias sinala os límites, sexan por accidentes xeográficos ou por liñas rectas e conclúe designando as poboacións que deberían ser capitais próximas ao centro; unhas grandes, como Barcelona, capital de *Llobregat* y *Ter*, ou pequenas como Cifuentes, capital de *Alto Tajo*.

A modo de exemplo, incluímos a delimitación da área que inclúe a Galicia:

b) PROVINCIAS DE LA CUENCA DEL MIÑO Y OTRAS ADYACENTES

A todo el territorio de Galicia añadiremos pequeñas porciones de otros territorios desperdigados que forman grandes irregularidades en las provincias actuales. Así que de esta cuenca los trazaremos al Este por las sierras de Valladolid, las montañas de León y el rincón del Puebla de Sanabria, en la provincia de Zamora, que cortamos con una línea recta que desde Peña Negra a la frontera portuguesa pasando por Robleda; el resto del territorio lo delimitan Portugal y el Océano.

En cinco provincias le dividiremos: *Alto Miño*, *Sil*, *Miño*, *Finisterre*, *Arosa*.

La provincia de *Alto Miño* comprenderá: al Norte el Cantábrico, entre la punta de Estaca de Vares y el Cabo Busato; al Este, la Sierra de Rañadoiro y la de Picos; al sur, una línea recta desde Santa María de Cebreiro hasta la Sierra del Faro, paralela ás 43° de latitud, y al Oeste de la divisoria de la cuenca del Miño, de las del Ulla y Tambre, por el actual límite que separa a Lugo y Coruña, exceptuando su porción Norte, que seguirá por la Sierra de Faladoira. Esta provincia tendrá a Lugo por capital.

La provincia del *Sil* se delimitaría del siguiente modo: Al Norte, la Cordillera Pirenaica (sic); al Este, toda la cresta superior de la cuenca del Sil, desde el puerto de Somiedo, por el de la Magdalena, Pico Suspirón, montañas de León, El Teleno, Peña Negra, y desde aquí, la línea recta que trazamos por Robleda hasta la frontera portuguesa; Al Sur, Portugal, y al Oeste, la Sierra del Laoruca (sic), San Mamed y Queija hasta Cabeza de Manzaneda; desde aquí, cortando en línea recta, la Sierra de la Mina por su pico más elevado, siguiendo las Sierras del Caurel y la de Picos hasta la cordillera Cantábrica. La verdadera capital de esta nueva provincia la situamos en el Barco de Valderas (sic), único centro geográfico de esta nueva demarcación.

En la provincia de *Miño* el límite norte se haría a la línea recta que trazamos ya entre Santa María del Cebreiro y la Sierra del Faro; al Este, el límite Oeste

de la provincial del Sil; al Sur toda la frontera de Portugal, y al Noroeste, toda la cresta superior de la cuenca del Miño ya descrita. Orense sería la capital de esta provincia.

Del resto del territorio gallego formamos dos provincias, que tienen por límite común el río Tambre; una provincia de *Finisterre*, con La Coruña como capital, y otra, la de *Arosa*, presidida por Santiago de Compostela.

Unha proposta tan radical —desaparecen totalmente os nomes históricos das vellas rexións españolas e non hai o respecto ningún ás súas delimitacións tradicionais— sen dúbida causou sorpresa nos membros do tribunal e, pensamos, tería duras consecuencias.

N'O *Libro dos amigos* Otero Pedrayo gaba a sabedoría xeográfica do seu amigo, ao tempo que se doe da inxustiza de que non dea acadado un posto, universitario ou de medias, por moitos anos.

R. Sanxurxo era dende os anos dous ou cinco o graduado en Letras de mellor formación xeográfica de España. Dono das claves interpretativas do Stieler, dos atlas da serie Berghaus, coñecendo fundamente o Reclús, e o Suess, podía facer de sutaque, sen chedas, unha conferencia sobre o Kan-Su, os altos vales himaláyicos, a cicatriz tonalítica dos Alpes, a rede hidrográfica do Jura, con mestría no conxunto, bos alicerces de feitos e provisión de nomes e cifras para sunfincar un bo artigo de revista e unha forza simpaticante e de evocación de leis e paisaxes que semellaba poesía —era poesía no bo senso— para os señores dos tribunais todo o máis afeitos a certas resesas metáforas xeográficas —o oso escandinavo, o don do Nilo— e a renques de partidos xudiciais...

Dispuxo Sanxurxo en exercicios de oposición de cátedras universitarias —as de Valencia e Sevilla, a de Zaragoza— deslumeantes Chinas, Polinesias enteiras, orlas de rexións españolas como soio il podía facelo e non tivo endexamais un voto.

Conquerían as cátedras de Xeografía homes de saber pouco maior, cecais menos seguro que o dos libros de texto do Instituto.

Eu asistín, con amor, paixón e dor a todas as oposicións do meu amigo con máis amor e dor que se fora eu o opositor. Víctima da inxustiza, mais cecais da ignorancia e do medo os espíritos de rexe savia Sanxurxo crente na bondade humana endexamais tivo palabras amargas para ninguén...

A fama de “raro” ou incluso de “tolo” precederíao e indisporía aos tribunais perante os seus exercicios. Os fracasos académicos sucédense. Entre novembro de 1906 e 1909, suspende catro oposicións: cátedras de Xeografía e Historia para os institutos de Baeza, Palencia e as de Xeografía política das Universidades de Valencia e Sevilla.

Estes suspensos corren en paralelo a unha brillante actividade de tertuliano e creador literario que axiña se concretará no seu libro máis exitoso, *Las Mesetas Ideales*.

LAS MESETAS IDEALES

Seguramente ningunha frase prologal podería ter escollido con máis acerto o autor para o frontispicio do libro e incluso para a súa vida: “No pese ninguna pena sobre el hombre que se dejó deslumbrar por los dioses”, tirada do acto terceiro do *Fausto* de Goethe.

A publicación de *Las Mesetas Ideales* será o máis próximo que estea do degoirado éxito literario que persegue. A obra ve a luz na primavera de 1910, publicada na prestixiosa imprenta de Antonio Marzo que, seis anos antes, vira a edición das *Memorias do Marqués de Brandomín* ou *Flor de Santidad* de Valle Inclán.

O libro de poesía fundamente clasicista nas referencias organiza os seus 38 poemas ao redor de seis partes cunha liña de inspiración única. *Grecia, Arquetipos, Florilegio a la Gioconda, Renovación, Las mesetas ideales* e *Silencios*.

Apenas hai un par de poemas dedicados: un á pianista M.^a Luisa Chevallier e ao seu home, o poeta Eduardo Luis del Palacio (cos que pasaba fermosas veladas musicais cos amigos ourensáns), e outro ao poeta granadino, compañeiro de faladoiros madrileños, Antonio de Zayas.

As críticas con que foi acollido foron, en xeral, excelentes e gababan a novidade da voz. Desde *El Globo* do 17 de xullo dese 1910 nun artigo asinado por “El bachillerillo” sinalase que “El poeta Primitivo R. Sanjurjo, joven gallego, de gran cultura y talento, surge en medio de una apilada e informe producción de libros, que sólo destilan monótonas repeticiones de una jeremiada insulsa, cuando no pretenciosa. Nuestro poeta tiene una modalidad tan nueva, que en el cielo poético de sus Mesetas es dificilísimo encontrar una influencia marcada...”. Conta Otero nunha necrolóxica publicada en *El Progreso* que nunca souberon quen se agochaba tras do pseudónimo. Nos días seguintes

outros medios, como *El Liberal* do 19 de xullo, dan noticia da boa acollida do libro “en el Ateneo y las peñas literarias”, aínda que os máis inmovilistas tratan de ridiculizar a obra. Así, na revista *Nuestro Tiempo* de novembro, núm. 143, o crítico e ateneísta conservador Luís de Terán, na súa sección “Revista bibliográfica”, refírese ao libro como “Las macetas ideales” e sinala que pertencen a unha clase de versos que non comprende. “Y sigo lo mismo, sigo sin entenderlos. Así, por ejemplo, no entiendo nada de la siguiente composición que transcribo al azar del citado libro para no pecar de descortés”. Logo inclúe o poema “Gama” —do núcleo de “Arquetipos”:

Liras que yo oía...

La esclava de ébano lloraba y reía.

Carbones sus ojos,

Blandos labios rojos,

Y toda de hinojos trémula decía:

— “Llévame a los bosques de la patria mía”.

Liras que yo oía...

El viejo marino fumaba y bebía.

Blasfemias y risas,

Pupilas sumisas

Bañadas de brisas lejanas, que un día

Le dieron un goce de exótica orgía.

Liras que yo oía...

La tímida Ofelia al mundo salía.

Conchas de oro el pelo,

Mejillas, pestañas y labios... consuelo!

Y como un rosado cielo su pecho encendía

Que un ángel velaba y un fauno mordía.

Liras que yo oía...

En nubes de púrpura el sol se ponía.

Mustía flor abierta

De la tarde muerta.

Y como una incierta nave se perdía

Campanas y brisas en su compañía.

Liras que yo oía....

Los bronce y hierros y esmaltes de fría

Mansión tenebrosa,
Mármol negro y rosa.
La yacente hermosa tiene una vigía,
Cineraria lámpara con alma de arpía.
Liras que yo oía...
Eufroña, estatua griega, hermana mía.
Tú serenamente,
Miras imponente
Al azul fulgente de Zephalonia,
Hondas, flechas, aves,
Sándalo, oro y sangre yo te ofrendaría.

E concluirá “Y ya he dado una muestra del libro y... nada, no entiendo nada”.

Porén, contará con dous grandes propagandistas. O primeiro deles, o crítico e poeta belga de fala francesa, Proper-Henry Devós, que dará a coñecer a súa obra no xornal *L'Etoile Belge* e na revista *Le Thyse*, xa no ano 1912 e 1913 como veremos máis adiante, e o crítico e dinamizador dos faladoiros literarios madrileños, bo coñecedor dos escritores galegos máis novos, Rafael Cansinos Asséns, quen o gaba desde as súas colaboracións en *La Correspondencia de España*, “Ritmos y matices. Poetas Galaicos”, (30 de xullo de 1917) ata as súas obras de síntese en *La Nueva Literatura*. Curiosamente, non o cita logo nas memorias de *La novela de un literato*. Decía na primeira das ocasións citadas:

Ese anhelo nuevo, esa inquietud única, ese vuelo errante y raro, sólo lo encontramos en Primitivo R. Sanjurjo. ¡Extraño poeta este cantor hurraño, que escribe sus versos sobre el corazón de la soledad! Quizá no le conozcáis. Quizá no hayáis leído nunca un poema suyo. ¡Y sin embargo, el gran Rubén le llamaba hermano! Sólo que Sanjurjo no es un poeta á propósito para que su nombre se ciña la cola abigarrada de la celebridad. Es un poeta raro, sabio y triste, de esos que nunca toman entre sus dedos la flauta de Mársias y erigen sus altas columnas de estilita lejos de todas las barracas ferales. Nunca será posible que las muchedumbres se agolpen ante su obra lírica con otro gesto que el de la incomprensión. ¿Conocéis su libro único, su libro índice *Las mesetas ideales* (impreso en Madrid, 1910)? ¡Cuántas silenciosas y subterráneas linfas líricas vierten sus urnas en éstas mesetas! Vemos prolongarse aquí las más finas insinuaciones novecentistas y revelarse otras

nuevas que aun rayan sutilmente el orbe lírico: ¡cuan vario y diverso en rayos es su prisma estético! Si lo miramos por un lado, es un preciosista irreprochable; si cambiamos de arista, nos muestra un simbolismo profundo, lleno de vaga y divina razón; si cambiamos aún, descubrimos una zona de novísimas germinaciones... De una parte es un decadente novecentista; de otra, un altruista, un barroco novecentista; de otra, un ultraista, un barroco de más allá del 1917, que construye los versos más libres y más abiertos en ensenada para recogerlo todo. Y siempre un devoto de la forma bella, larga, lisa y nervada, como lo es el tallo de la vid antes de cargarse de racimos y aun todavía en el momento en que estos racimos semejan globulaciones de diamante. Y siempre una seriedad, una severidad dantesca, que dispone sobre perspectivas ilimitadas graves anfiteatros de ensueños.

Porque Primitivo R. Sanjurjo es un espíritu grave, recto, erguido de voluntad superior, sin las veleidades humorísticas del cantor mejicano. Hermano de Rubén, pero del Rubén penitente de los últimos años, que vio ponerse el Sol y lanzó su conturbado ¡eheu! Como Rubén, tiene sus piedras preciosas; —pero estas piedras preciosas están contrastadas con el fulgor eterno de los astros. Primitivo R. Sanjurjo es un poeta serio y fuerte, alto sobre los desmayos sentimentales de la lira, un poeta viril, lleno de arte cifrado y profundo, de ese arte que cubrió de oscuras figuras las ánforas etruscas; un poeta del Norte por la brava y escueta floración de sus ramos; un poeta céltico, pues, pero de ese celtismo misterioso que acumuló los dólmenes é hizo sagrado el muérdago de oro; un poeta céltico y galaico, de la Galicia más verdadera, de esa Galicia hermana de la Bretaña de los trajes negros, de esa Galicia que vibra de traspasadora y silenciosa emoción cuando se han extinguido los ecos de los alaloes... Primitivo R. Sanjurjo representa en la poesía galaica el tránsito de los ruidosos ritos nativos hacia esos silencios intelectuales... y está vistiendo á Galicia de espíritu...

DE NOVO EN OURENSE

Desacougado, cremos, pola imposibilidade de acceso ao traballo a través de oposicións no ensino, cada vez vén máis por Ourense e intégrase no grupo de mozos modernistas do cenáculo ourensán en íntima relación cos vellos profesores que se movían ao redor do Instituto, da Comisión de Monumentos, da

Biblioteca Provincial, do Ateneo e do Museo Arqueolóxico, todo, no mesmo edificio do Centro Provincial de Instrución, do Xardín do Posío.

En concreto, en 1910, aparece xa na proposta de formación da Universidade Popular de Ourense que trataba de promover unha cruzada contra a ignorancia, segundo as palabras do seu impulsor, e vello profesor Eduardo Moreno López:

Una Universidad Popular, o una U.P. como se ha dado en escribir, es, sencillamente, una asociación de hombres de buena voluntad y amantes del saber que se agrupan para difundir la Ciencia y el Arte, organizando cursos, lecturas, conciertos, conversaciones (*causeries*), visitas a Museos y fábricas, empleando en fin, los medios más sugestivos e intuitivos que la Pedagogía aconseja para vulgarizar los conocimientos.

No documento remitido ás autoridades para a súa autorización, o 5 de novembro de 1910, asinado por José Conde Vide, vinculado ao Centro de Sociedades Obreras, recóllese o cadro de profesorado, que estaría composto por

Don Ramón Otero Pedrayo, licenciado (sic) en Derecho y Filosofía y Letras; Don Vicente Martínez Risco Agüero, licenciado en Derecho; Don Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Doctor en Filosofía y letras y Licenciado en Derecho; Don Florentino López Cuevillas, Licenciado en Farmacia; Don Eugenio López Aydillo, exayudante del laboratorio de Química general de la Universidad Central; Don Juan de Contreras Lobit, maestro superior; Don José López Darriba, perito mercantil y Don Hipólito S. Luengo, maestro superior.

Non sabemos exactamente o nivel de funcionamento que chegaría a ter esta “Universidade Popular” —antecedente do Ateneo fundado en 1914— e Otero lembra simplemente unha serie de charlas que deran naquel ano no Centro Obrero da casa de María Andrea e nalgunha outra localización, pero Sanjurjo sabe que este pasatempo filantrópico non é vía de estabilización económica. Preséntase en xaneiro de 1911 ás oposicións para a Carreira Consular, pero volve suspender. De todas as maneiras, segue participando dos movementos da vida cultural madrileña, como nunha carta de protesta durísima na que se critica a elección do Marques de Polavieja en vez do candidato alternativo, Ramón Menéndez Pidal, para a presidencia da Academia de Historia por supor “no el triunfo del merecimiento y del saber sinó del caciquismo y la oligarquía”

e que fora subscrita, entre outros, por Américo Castro e Ramón Otero Pedrayo e publicada o día 1 de abril de 1911 na prensa madrileña. A partir da morte da súa nai, Casilda, en maio de 1911, estará tamén máis pola cidade onde naceu.

Nestes anos de Ourense, participa en todas as actividades do mundo cultural local. Así, engade a súa contribución —modesta e agresiva— a unha publicación homenaxe ao profesor Eduardo Moreno López, datada o 21 de novembro de 1912, na que colaboran corenta discípulos e amigos, entre eles, cun fermoso texto sobre a súa relación con Ourense, Julián Besteiro. A finais de maio do ano seguinte, asiste á inauguración, a iniciativa do seu amigo Eugenio López Aydillo, dun monumento a Curros Enríquez, á beira da Ponte Vella e no que estarán presentes, entre outras figuras destacadas, Sofía Casanova e Filomena Dato.

CARTAS A RUBÉN DARÍO

Existe un pequeno epistolario entre Rubén Darío e Primitivo do que hoxe só coñecemos a parte enviada polo segundo. Nunha relación dos fondos documentais do ourensán, feita no ano 1991, figuraban 4 cartas de Rubén Darío datadas entre xuño de 1911 e marzo de 1913 e cuxo paradiro descoñecemos. As cartas de Primitivo son seis e están dixitalizadas no Arquivo Rubén Darío da Universidade Complutense de Madrid. O conxunto iníciase coa carta de 29 de maio de 1911 coa que remite o ourensán o libro *Las Mesetas Ideales* a París ao enderezo da *Mundial Magazine*. A resposta foi inmediata, pois, e Primitivo envíalle o día 12 de xuño unha nota que acompaña a orixinais para a súa posible publicación:

Sr. D. Ruben Darío Muy distinguido sr. mío: es grande su bondad y agradezco á V. profundamente sus palabras. V. dispone de mis manuscritos y ahí le remito lo que me pide para que pueda elegir á su deseo, sintiendo en estos momentos no tener nada mejor, pues todo lo que preparo está en estado de crisálida. Siempre es de V. affmo s.s. q.b.s.m. Primitivo R. Sanjurjo.

Rubén Darío encarga ao seu colaborador Alejandro Sux —pseudónimo do xornalista, poeta e anarquista arxentino Alejandro José Maudet— a noticia deles na sección “Libros Hispanoamericanos”. A nota, publicada en *Mundial Magazine*, nº 6

de outubro de 1911, logo de dar os datos do libro *Las Mesetas Ideales*, e incluír algúns pequenos fragmentos, sinala con dureza, pero deixando porta aberta ao futuro:

Desde Orense (España) nos llega este libro de poesías, en el que encontramos tantas bellezas como amaneramientos y excentricidades. Hallamos, también, exceso de erudición helénica y romana para el instante actual. [...] La pulsación, á veces, es incierta y débil, la senda no se presenta muy bien delineada ante sus ojos líricos todavía, pero es así como llegará. A pesar de ésto, *Las Mesetas Ideales*, es un buen libro de versos que descubre en su autor á un verdadero poeta, y que si no ha encontrado enteramente su personalidad, anda en excelente camino para hallarla.

E para satisfacción de Primitivo, incluírá dúas colaboracións máis nas revistas seguintes. A primeira, a prosa “Paráfrasis de Salomé”, ve a luz no número 8, Nadal de 1911, con ilustracións de Xiro; a segunda, no numero 16, correspondente ao mes de agosto de 1912, é o poema “El Iceberg”, que comeza

Verde el mar. Al horizonte,
la móvil montaña helada
vive su triste balada
¡Oh! ilusión.
La besa un sol casi yerto,
caminante á flor de agua
con livideces de muerto.
¡Dulce Helios!
[...]

A relación con Rubén Darío debeu ir diminuíndo porque na última das cartas, de 9 de marzo de 1913, quéixase pola non publicación na revista dun orixinal de 18 folios manuscritos —conservado hoxe na Real Academia Galega — “La noche de Noël de Enrique de Villena”, ao tempo que defende, raiando na mala educación, os debuxos feitos *ex professo* polo seu amigo e pintor auriense, Jesús Soria.

Mi cuento "La noche de Noël de Enrique de Villena" aun no he visto aparecer en Mundial, á pesar de que anuncia V. otras muchas prosas. Sin duda que no es de su agrado ó quizás que los dibujos que le remitía de mi amigo el Sr. Soria no son del cliché general de la revista. Si algun dibujantillo de esos que cristalizan en La Vie Parisien, los rechazase, dígame V. de mi parte que estudie mucho y no dé la constante nota monocorde acostumbrada ó la del cornetín á la sordina.

Escuche V. mis palabras con toda la fuerte sinceridad de quien le considera y le quiere siempre Primitivo P. Sanjurjo.

Creemos que a partir da publicación das *Mesetas* será cando se inicie máis activamente no mundo da teosofía e da astroloxía. Desde agosto dese ano ata outubro de 1915 conservábanse, en 1991, seis cartas que lle enviara Mario Roso de Luna a quen admirará e citará en numerosas ocasións. E tamén, ao ano seguinte, 1912, entra en relación co Instituto e Observatorio da Mariña de San Fernando, onde reclama información sobre a posición exacta dos planetas e estrelas en determinados momentos, de cara á elaboración das que han ser as súas famosas cartas astrais e debuxos astrolóxicos.

En 1912 continúa en Ourense onde podería ter ingresado no mundo laboral de forma provisoria. *El Eco de Galicia*, do día 27 de abril de 1912, recolle a noticia de que a Audiencia da Coruña o nomea para Fiscal da Audiencia Provincial de Ourense. Nada sabemos deste seu traballo profesional ao servizo da administración de xustiza, que, en caso de terse chegado a concretar, sería algo irrelevante e secundario na súa vida.

Sen dúbida, esta década dos dez será o tempo de ouro do faladoiro de amigos cultos na casa de Primitivo. Estes encontros son lembrados en varias ocasións polos protagonistas. Dicía Risco no artigo "Guerras Literarias", en *La Región*:

La primera guerra literaria en que tomé parte, fue la del "modernismo". Se desarrollaba bajo una brillante constelación: Rubén Darío, Eugenio Castro, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, d'Annunzio, Maeterlinck, una Osa Mayor, un Sete estremo como el de los siete grandes Risis de la India... En España fue malísimamente recibido: a los modernistas nos llamaban "modernosos", y los poetas jocosos se burlaban de ellos, y los parodiaban con más o menos gracia. Me parece que fue Pérez Zúñiga el que parodió unos tercetos de Rubén Darío con una cosa así:

Cese el duelo en el estanco,
Ya llegó de Salamanca
Santa Inés de Montebanco.

En Orense, la polémica era de mejor tono.

El jefe de la secta era Primitivo R. Sanjurjo, porque Antonio Rey Soto, sin escapar del todo a la nueva corriente, y defendiendo un “clasicismo” que en realidad era romántico, se nos fue a la otra banda. Primitivo era, oficialmente, geógrafo, trabajaba con la teoría de Suess y con el atlas etnográfico de Gerland; marginalmente, era egiptólogo y más tarde astrólogo. Tenía un reducto reservado en lo alto de su casa, desde donde se vería todo el horizonte de Orense y en donde acumulaba los libros que traía de Madrid. Ibamos allí a las tardes, bajo la lluvia de la calle de Hernán Cortés y de la plaza de San Cosme, como a una cita de iniciados, a leer y comentar los versos de Mallarmé y de Rimbaud, y hojear los números de *The Studio*.

Outro testemuño, de Xosé Ramón Fernández-Oxea, no seu libro *Cartas de Galicia de Henri Devos*, relátanos cuestións moi significativas, a propósito da presenza en Ourense do escritor e xornalista belga Henri Devos, no outono de 1912:

Primitivo leíanos as cartas de Rubén Darío e as súas colaboracións na revista “Mundial” que o gran poeta nicaragüense dirixía en París.

Devós levaba decote na gravata un alfinete, de prata, que figuraba a testa dun lobo. Sanjurjo, que andaba ouseñado cos seus problemas astrolóxicos, preguntoulle un día por qué levaba consigo aquil lobo, ao que Devos contestou decindo que o seu apelido, en idioma flamengo, significaba lobo e por eso o puña. Mais Primitivo, que nos fixera o horóscopo ós dous, non estaba conforme e insistía en que o lobo non ser o “seu animal” senón outro que non lembro, o que correspondía a o seu sino, cousa que nos divertía tanto máis canto que Sanjurjo tomábaio moi en serio.

Por varias seráns xuntámonos os tres no despacho do Primitivo, na Praza de San Cosme, presidido, daquela, por unha imaxe de Budha, para escoitar a lectura das súas fermosas traxedias, das súas orixinalísimas paráfrasis e dos seus sonoros e elegantes versos.

Da pintura desa imaxe de Buda, repárese na data de 1912, cóntanos tamén Vicente Risco unha anécdota que nos fala desa unión de tradicións orientais e clásicas naquel ambiente:

[...] Había traído una reproducción pequeña, en una especie de porcelana de la Venus de Milo. En un número de *The Studio*, venía una reproducción en colores de una imagen budista china: un Avalokitesvara, o un Prajna Paramita, y quiso que se la copiara, ampliada, en la pared. La pinté, al temple. Y he aquí que el día en que rematé la última hoja de loto en que la imagen estaba sentada, la Venus de Milo, sin que nadie la tocara, cayó de la mesa y se rompió en mil pedazos.

También traía libros nuevos Ramón Otero Pedrayo; pero, aunque era de primera línea, poco auxilio podía prestarnos, porque llegaba de Madrid al terminar el curso y en seguida se marchaba a Trasalba.

Henri Devos, fascinado pola súa personalidade, dedicarlle a Primitivo a última das “Cartas sobre Galicia” que publica no xornal *L'Etoile Belge*, o día 15 de outubro de 1912. Logo, reelabora o artigo, engadindo unha introdución sobre o ambiente cultural en Madrid ao redor de Rubén Darío e as influencias francesas, e publícao na revista de cultura francesa editada en Bruxelas, *Le Thyrses*, no tomo XIV correspondente a marzo de 1913, baixo o título de “Un poète castillan d’aujourd’hui, Primitivo R. Sanjurjo”. Entre outras cousas, sinala:

Mais comme il fallait s’y attendre, l’école de Ruben Dario recrute des partisans nombreux parmi les jeunes. Je voudrais analyser brièvement l’oeuvre de l’un d’eux, Primitivo Rodriguez Sanjurjo, qui, sans imiter ce maître, a rompu comme lui avec l’art neo-classique et dont le seul volume publié, *Les Cimes idéales* (Madrid, 1910) fut salué par toute la critique espagnole comme comptant parmi les oeuvres les plus fraîches et originales qu’aient produit ces dernières années.

Traduce, para os artigos, varios dos seus poemas ao francés (La poesía, El barco, Afrodita, Las garzas, El nacimiento de Afrodita), o que lle permite concluir dun xeito moi gabancioso en *Le Thyrses*:

Primitivo-R. Sanjurjo, par ce seul volume, s'est assuré, dans la poésie espagnole contemporaine une place très particulier et très enviable, mes lecteurs en son, ja pense, convaincus.

E manteñen unha curta e intensa relación epistolar (7 cartas e postais de Devos), dada a morte do belga nos inicios da I Gran Guerra. Será Devos tradutor ao francés da obra do escritor Eduardo Marquina —amigo de ambos— *En Flandes se ha puesto el sol*. Por iso, non é casual que Primitivo participase tamén na edición en inglés da mesma obra, en 1924.

No ano 1914, o vello profesor do instituto, Antonio Gaité, catedrático de Física, promove outra iniciativa cultural, o Ateneo de Orense, funcionando tamén nos locais do Centro Provincial de Instrucción, no Posío, por riba dos locais onde a Comisión Provincial de Monumentos tiña o seu Museo —embrión do Museo Arqueolóxico Provincial— e lugar de faladoiros. As charlas do Ateneo empezaron cun claro enfoque de popularización da ciencia —na liña da idea da Universidade Popular— e axiña se viron convulsionadas polas tensións entre xermanófilos e aliadófilos. Estes últimos referíanse ao Ateneo como “Ateneo de Gaité” ou “Centro de Kultura”.

Despois dalgúns meses nos que ía cada vez menos xente ás conferencias científicas, foi medrando o protagonismo da xente nova. Como sinala Vicente Risco (“El Ateneo de Orense”, *La Región*, 15 de novembro de 1958):

Hubo un momento en que acaparamos la cátedra del Ateneo los últimos modernistas y primeros surrealistas —que no sabíamos que lo éramos, ni que nos llamabamos así— y entonces hicimos desfilar por allí las grandes figuras del simbolismo francés, y las primeras del cubismo, del expresionismo y de Dadá... A veces con cierto alegre escándalo, y largas discusiones, ya en privado.

Sen dúbida, unha das sesións máis notorias deste Ateneo foi a “Velada necrológica en honor de Rubén Darío”, organizada a noite do 18 de febreiro de 1916 e que contou coas palabras de Antonio Losada Diéguez, Florentino Alonso López-Cuevillas, Julio Alonso Cuevillas, Filomena Dato e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Como vemos, unión de xeracións e de sensibilidades, e presenza xa de Antón Losada Diéguez que comezará axiña o labor de atracción ao galeguismo dos ourensáns. Primitivo Rodríguez Sanjurjo queda para o final por ser o amigo

de Rubén Darío. As palabras de Florentino Cuevillas (*La Región*, 19/II/1916) son moi significativas e, dada a precisión do dato en Cuevillas, veraces:

Réstame solamente deciros que Rubén Darío, además de poeta insigne y de prosista maravilloso, fue un hombre honrado, un hombre bueno. Nunca sus labios ni su pluma se mancharon para vituperar ó escarnecer, nunca la cólera desfiguró sus facciones de una fasidad augusta, ni la envidia, esa enfermedad tan frecuente entre literatos, encontró jamás asilo en su corazón. Al contrario, tuvo siempre palabras de ánimo para los que comenzaban, y cuando con sus ojos de iniciado descubría tras un verso ó un artículo una personalidad original, no escaseaba los elogios y las alabanzas. Recordaré siempre estas palabras tuyas a mi amigo Rodríguez Sanjurjo aquí presente, palabras que la amistad grabó para siempre en mi memoria: “Tenía verdadero deseo de conocerle —le dijo—; su alma y la mía son hermanas; juntas, podrán volar muy altas y decirse mil bellas cosas sobre las cabezas de las gentes vulgares”.

Generoso hasta la prodigalidad, siempre su mano y su corazón estuvieron abiertos para la dádiva y de él podría decirse como del marqués de Villena:

A naide fixo mal

A todos fixo ben.

Y ahora, voces más autorizadas que la mía os darán a conocer la obra de Rubén, leyendo sus versos y elogiando y comentando su labor y ya comprendereis, al final de este homenaje, con cuanta razón tratamos de depositar sobre la tumba del poeta estas rosas de nuestra veneración.

O día 20 de febreiro o xornal *La Región* recolle case íntegra a exposición de Primitivo Rodríguez Sanjurjo sobre a obra de Rubén Darío, un tanto aséptica e fría, sen facer referencia á relación entrambos nin ás cartas que se cruzaran anos antes.

Este ano 1916 tamén traerá unha circunstancia que lle había cambiar a vida a Primitivo. É destinado como Fiscal da Audiencia o avogado e escritor das terras de Monterroso, Francisco Salgado López-Quiroga, coa súa muller, Consuelo Boo, natural de terras chantadinas. Viñan desde Valladolid, e despois de pasar por varios destinos en relación coa súa posición de xuíz desde 1890. Canda o matrimonio, as súas tres fillas, Raquel, Lía e Sara. Todas tres —guapas, cultas, preparadas e modernas— foran atendidas na casa por unha

institutriz inglesa, Miss Cook, quen lles ensinara a lingua de Shakespeare na súa nenez. Sara Salgado será, andando o tempo, locutora en RNE e unha das voces máis coñecidas do país (Antena de Oro en 1968, Medalla de ouro mérito no traballo en 1972); Lía (Técnica superior do Ministerio de Información, desde os tempos da guerra, e mesmo secretaria do Ministro de Educación, José Luís Villar Palasi) e Raquel, que contaba con 23 anos cando chegou á cidade, seica, segundo a tradición familiar, fora pretendida por Otero Pedrayo; pero ela acabou por escoller a Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Foi a única irmá que casou.

Neste 1916, plenamente asentado en Ourense, Primitivo escribelle a Otero a Madrid, quen o debe tratar de consolar pola dificultade do acceso á desexada Cátedra, para animalo a deixar aquela cidade (“ciénaga madrileña”, chámalle) e anticipar, catro anos, a conveniencia dun traslado aos Estados Unidos:

Me hablas de lo mitológico de una cátedra. ¡Horror! Y error tambien. Lo mitológico es una expresión tangible para mi y ¡ay! de nosotros si así no lo fuere. Cada día veo mas amplios mis horizontes siempre uniformes pero vastísimos como una llanura líquida dorada por los crepúsculos. Esa ciénaga madrileña que á ráfagas tiene melodías de zarzuela es fatal para ti y para mi. Fijate bien en que está al oriente —sudeste— de nuestras mesetas célticas, únicas sagradas en esta Iberia dislocada y que por lo tanto nos es fatal. Por esto no he ido esta vez de propio intento. Nuestras tierras de promisión estan al occidente de nuestra patria, en el país de los rasca-cielos de las praderías inmensas y de las regiones del Far-West. Todo el resto es una decrepitud y una mendicidad de alma, propio para el Museo de las próximas ruinas de Europa.

Primitivo está contento en Ourense, mesmo o Mestre Vide, José Fernández Vide, figura musical da cidade e da emigración, dedícalle unha composición en 1916: “Ilusiones, vales, La-Mi-La-Re. Dedicado a Primitivo R. Sanjurjo (arreglo: para banda)”.

LA CENTURIA

Ao ano seguinte, estes mozos que andan nas cousas do Ateneo, xuntándose na casa de Primitivo e nos faladoiros ourensáns e madrileños, e despois de colaboraren no

xornal *El Miño* e na revista *Mi Tierra* de Eugenio López Aydillo, fundan a súa primeira revista: *La Centuria*, subtitulada como *Revista neosófica*, ou sexa, dos novos coñecementos, e que dá entrada a variados autores modernistas e de vangarda, europeos e mundiais, ao tempo que se converte nun lugar de expresión principal deste cenáculo. Vicente Risco publica aí, entre outras cousas, o seu “Preludio a toda estética futura”, auténtica reflexión iniciática da persoa que máis ao tanto estará das vangardas en Galicia, e que, dalgún xeito, anticipa o manifesto ultraista da revista *Grecia* un par de anos despois.

La Centuria será, fundamentalmente, a Revista de Primitivo, de Risco e de Arturo Noguerol, e unha experiencia valiosísima para o futuro emprendemento de *Nós* por parte dos dous últimos. Publican sete números, seis seguidos, entre xuño e decembro de 1917, e máis, sen explicación da interrupción nin despedida, en xullo de 1918.

Primitivo, co pseudónimo de Beta Herculis, elabora cinco horóscopos, nos cinco primeiros números (do Kaiser Guillermo II, do Rei D. Alfonso XII, de Lloyd George, de Luís Amadeo de Saboya e do primeiro goberno de concentración dos partidos políticos de España). Esta actividade de elaboración de cartas astrais e horóscopos, rastrexables como dixemos desde 1912, tomouna Primitivo absolutamente en serio ao longo de toda a súa vida e moitos foron os ourensáns amigos que lla solicitaban. Tamén se dedicou ao longo da vida a facer angulosos e rectilíneos “debuxos astrolóxicos” a base de unir os puntos celestes nos que estaban determinadas estrelas relacionadas con determinadas persoas. Así, nos materiais entregados na Real Academia Galega, cóntanse fotocopias de 82 debuxos astrolóxicos correspondentes a 64 personaxes distintos e de todo tipo e tempo histórico. Desde Afrodita a Lord Byron, desde Caracalla a Gandhi, ou desde Cesáreo Rodríguez, bispo de Ourense, a Lenin, Trosky ou Edgar Allan Poe.

Tamén, algúns personaxes solicitábanlle consello baseado nas estrelas. Algúns sorprendentes, como Otero Pedrayo.

Tamén en *La Centuria* inclúe cinco artigos, uns máis literarios —“Paráfrasis del Rey Serpiente”, “Cólquida”, “Del aquelarre proyectado por una pipa”— e outros máis argumentativos —“Paráfrasis de Arethusa, de Europa y de la Venus de Milo” ou o revolucionario “El calendario universal” (nº 5, 1917) en defensa da aplicación do sistema métrico decimal ao cómputo do tempo.

En 1918 localizamos ao poeta en Barcelona. Novamente amosa o seu desexo de fuxir e agora é o leste, a India, quen o chama, pero sempre rexeitando o Madrid das súas derrotas. En carta de 18 agosto de 1918 exprésase así:

Del puerto de Barcelona te hablaré como hablaban las sirenas de Ulises. Piensa solamente que Mallorca está a la vista; que Tripoli me espera algún día y que el camino de la India no es un sueño. [...]

En resumen: Hay que renunciar a Madrid. Estamos en Oriente y aquí se cruzan todos los caminos de la Antigüedad.

Porén, segue coas esporádicas presenzas en Madrid. Envía, por exemplo, un poema de circunstancias, anticlerical, a *El Sol*, o día 13 de agosto de 1919, en lembranza de Arturo Vázquez Núñez, “sabio arqueólogo orensano” como reza na dedicatoria e morto unha ducia de anos antes. O poema describe unha intervención arqueolóxica na catedral, a apertura do sartego do bispo Vasco Pérez Mariño. Comeza así:

Cierta noche fué hollada la catedral. Caprichos
tuvo mi sabio amigo por sondear sus nichos.
Y el sarcófago ojivo de un tal Vasco Mariño,
que un Cristo extraño trajo del Finisterre al Miño,
violó muy cauteloso aquella noche añeja
mientras su grito áspero lanzaba una corneja.

OS ANOS DE AMÉRICA

A medida que os membros do grupo Nós se achegan ao galeguismo, Primitivo afástase deles. Xa non son tempos de vivir entobados na torre de marfil da casa de Primitivo ou dos faladoiros de Madrid, senón de tecer o país, as Irmandades e Nós, ao redor da *camilla* de Risco. Este comportamento non será un caso illado, por suposto. Moitos intelectuais ourensáns da época e que non se achegaron ao galeguismo político ou cultural (podíamos citar a Xavier Bóveda, Eugenio Montes, Antonio Rey Soto, Cándido Fernández Mazas, Luís Madriñán, López Aydillo...) viron oculto o seu traballo pola inmensa proxección e transcendencia que en anos posteriores tería a Xeración Nós, os seus epígonos e en xeral os que usaron o galego como lingua e esforzo de identidade.

Primitivo deixara sempre clara a súa distancia da intelectualidade emergente pero tamén da máis consolidada e a súa radical independencia persoal. Así, aínda que posiblemente se refira a Valle Inclán, nunha carta a Unamuno, o 19 de setembro de 1912 coméntalle:

Esta gente, paisana mía, no arma quimeras máis que donde se adivina por detrás el mendrugo; tienen sobre si el limo pegajoso de las conchas peregrinas de Compostela y se encierran dentro como una colonia de babosas.

Como les conozco tanto y tan bien —quizás por mi ascendiente de pura sangre castellana— yo mismo, a pesar de haber nacido y criado aquí, no he sentido el deseo de su confraternidad espiritual y me tengo como excepción exótica. Trabajo con orgullo y amor a mis sueños y me place ser una nota discordante...

Despois dos repetidos fracasos como opositor, seguramente foron as influencias de don Francisco Salgado López-Quiroga, futuro sogro, cuxo irmán Antonio fora deputado con grande ascendente en Madrid, as que lle facilitaron o acceso ao mundo laboral lonxe de España. Para iso, nada tan sinxelo e práctico como a docencia por designación directa nos servizos educativos do exterior, en base a unha excelente formación e currículo académico.

A aventura americana de Primitivo desenvólvese entre mediados de 1920 e finais de 1926. En abril de 1920 recolle a prensa a noticia do seu nomeamento como “catedrático de literatura española de la universidad libre de Pensilvania” e nun par de meses xa está de viaxe. Así, o día 22 de xuño, e significativamente a Otero Pedrayo, escíbelle unha carta que empeza “Mi queridísimo Ramón: a ti por ser quien eres te escribo en el instante de mi llegada...”. Levaba menos de corenta e oito horas en Nova York.

Ese será o inicio dunha intensísima relación epistolar da que fala Otero coa súa habitual desidia na exactitude de datas e lugares, no capítulo correspondente do *Libro dos amigos*:

Algúns anos —polo 17 ó 19— foi profesor de Literatura moderna española en Universidades americanas. Ithaca, Siracusa, Seattel. Da estaxe anglosaxona do noso amigo gardo un epistolario onde devalan, pasan, foxen, os temas do vivir clima americano observados por unha mente exercitada na hermenéutica das xentes e das cousas. Algún día han ser cecais publicadas,

ou polo menos dado ao público o xugo da observación do gran mitógrafo moderno. Mitógrafo non, mitopoeta de método severo. Non gostaba Sanxurxo dos EE UU pola mecanización de vida, a ignorancia da arte de conservar e perder o tempo, a saudade do clima de vella cultura. Ao voltar fixo por Panamá deica Marsella e Barcelona coa esposa e a filliña unha viaxe como unha sinfonía de moitos xeográficos e lembradoiros.

Trouxo a “Princesa Legedia” e “O Bergantín”. Traxedias. Unha Grecia chea do sopro quente dos paraísos asiáticos, unha maxinación de destinos de imperio inglés con instrumentación edgardopoiana de piratería por mares quentes, beira de pechos continentes esfínxéticos.

Desde logo Otero acerta na valoración deste conxunto epistolar de máis de vinte cartas (14 existían de Otero no Arquivo de Primitivo). Cremos que estas cartas americanas son os orixinais de máis interese que se conservan de Primitivo e que nos permiten mergullarnos nas súas análises, nas súas teimas e obsesións, na súa aguda observación de xentes e paisaxes e na reflexión constante sobre os grandes temas filosóficos do mundo, da situación cultural e xeopolítica das nacións e da marcha de Galicia e das súas iniciativas culturais e políticas e da marcha da política en España. Esta colección, conservada na Fundación Penzol, coñecida de vello polos interesados, foi transcrita recentemente pola profesora Patricia Arias Chachero e agarda unha próxima publicación, que, sen dúbida, deitará luz sobre moitos, intensa luz sobre a percepción que Sanjurjo tiña da evolución das cousas, ao tempo que amosan a progresiva desilusión por aquel país.

Desgraciadamente, non conservamos ningunha das catorce cartas de Otero dirixidas a Primitivo, que aparecían nunha relación de documentación de 1991 ofertada á Deputación Provincial de Ourense e que esta non adquiriu.

ITHACA UNIVERSITY, CON VODA NO MEDIO (1920-1922)

Chega Primitivo a Nova York o día 20 de xuño de 1920, no barco “Montserrat” que saíra de Cádiz. No visado de entrada figuran detalles curiosos: avogado, ollos castaños, falante tamén de francés, con douscentos dólares no peto —o que máis dos pasaxeiros—, domiciliado na rúa Raíña Vitoria 1 de Ourense, e diríxese á Universidade de Columbia. Trae canda el permiso de residencia por dous anos.

Axiña busca un hotel céntrico en Nova York, “Hotel Seville”, e dispónse a coñecer a cidade con calma porque non empezará as clases ata setembro.

Desde o Hotel Ithaca, xa na cidade universitaria onde impartirá clases, o día 19 de setembro escribe a primeira das longas crónicas sobre Norteamérica para Otero. Está feliz co seu novo traballo —explicar Literatura española do século XIX— e coa cidade tranquila e amable na que está:

Ya te diré como este paisaje es exactamente gallego y sobre todo orensano. Nunca he visto ni creí ver una semejanza igual aparte de considerar su latitud de 42° 20 m, la misma de Auriabella...

E pásalle a dar unha relación das súas primeiras impresións nas que une elementos analíticos e descritivos con outros da súa documentadísima e habitual especulación esotérica e xeomántica:

Pero quiero decirte algo de New York, en donde recibí tu carta que estremeció todas mis fibras.

New York se divide en dos partes: ciudad de moros y de cristianos. Los moros al East y los cristianos al West. El East mira al mar, a la emigración: allí se desarrollan todas las hampas con todas las mas espantosas miserias; el West mira a las riberas cálidas del Hudson, donde todas las burguesías tienen su asiento. Pero es difícil pasar del West al East y viceversa. Todas las comunicaciones de la isla Manhattan estan trazadas en sentido longitudinal y apenas hay redes de cruzamiento. La razon de esto esta en el cálculo eminentemente judaico que preside los destinos de este pueblo. No se quiere mezclar las gentes. Las capas sociales se distribuyen como los lechos geológicos mas profundos. Además N. York es la única ciudad del mundo en donde nadie se puede sentar a tomar un refresco en una acera. Judaísmo puro.

Pero contempla el plano de New York y verás como la isla es un inmenso pene entre dos testículos. Brooklin y New Jersey. Calibán tiene su sexo en la frente y mira plétórico de narcisismo hacía el sur, hacía su ombligo del mar Caribe. El amplio chambergo de bandido del Canadá le obscurece la vista y no le deja mirar las constelaciones.

No puedes imaginarte como este pueblo Uraniano a semejanza de los titanes a construído sus Whalhallos en el corazón de la City. Cuando contemplas a New York ya sea en la noche misteriosa, anclado en el antro de la

Sirena que es la red mejor [...] llena de los iris de todas las fraguas plutoniana o en pleno día o en las brumas grises de la mañana solo ves un haz de amontonamientos feudales, pero de un feudalismo que se filtra en las entrañas y desafía la época europea de las nebulosidades románticas. Todos los bloques de la City forman un conjunto único y extraño como si fuesen la Caribdis concentrada del pensamiento moderno. Y despues, la fragosidad de la lucha unida al serpenteo de las ondinas de Brodway zigzagueando entre bloques con sus sonrisas incitantes y frías como el acero.

Mas esto requeriría varios capítulos que escribiré algún día. Piensa en que todavía esto es para mi un gran sueño. Me veo aquí por un esfuerzo de voluntad. El misterioso Urano preside mis determinaciones y atisbo en lo más íntimo de mi conciencia una vida sorprendente de nuevas bellezas. No palearé el oro probablemente; pero, si, me rodea como una tentación. No tentaré al Señor mi Dios, pero [me] dejaré llevar de los acontecimientos, procurandolos armonizar con la directriz ideal de mis sueños de arte, que espero cumplir.

Estoy a 5 horas de N. York. Viaje barato y elegantemente. He atravesado por los estados de New Jersey y de Pensilvania y estoy a dos pasos del lago Ontario. Esta Ithaca, eminentemente gallega y sobre todo griega, es mas bien la patria de un Ulises que de una Penélope. Aquí no existen Penélopes. La mujer americana es un misterio: tiene el sexo invertido y desarrolla su cerebro a expensas de la matriz. Su placer es la masturbación. Este pueblo caerá por sus grandes pecados de Onanismo. Pero Ithaca, es una ciudad mágica, por el lugar y por el nombre (radical It, término de profundo ocultismo). El lago Cayuga, que a sus pies esta, paralelo del lago Séneca (no te asombres, pues cerca de aquí estan Utica y Siracusa), forma uno de los restos derivados del Ontario y su colina en donde se asienta la amplia Universidad es una especie de Aventura de las aristocracias del espíritu. Espero realizar en ella muchas cosas, pues hay todos los resortes para ello en grande.

A proximidade a Nova York fai que vaia a esta cidade constantemente. Pasa ali os quince días das vacacións de Nadal mergullándose no teatro e nos museos. Desde ali, evidencia a súa distancia co proxecto Nós que os vellos amigos de Ourense estaban pondo en marcha. O 22 de decembro, escribelle a Otero:

Creo que esa Revista "Nos" va a ser una nueva equivocacion. Debia ser "Vos". Es más terminante, habla al espíritu público. Parece paradoja y no lo

es, porque la V. de “vos” es afirmativa, es la revolución del cono sobre su vértice inalterable y en ejercicio permanente como un astro que centípetrea seguido de su pléyade. En cambio la N. de “nos”, es una ambigüedad, es una oscilación, es un anfibismo, es un zig-zas que despues de elevarse al infinito cae en el lado terrestre. “Nos”, lodo, egoísmo. Fijate en que los vértices son el todo y que las líneas se pierden en el vacío estéril, “Vos”, por el contrario, es una positividad que atrae y que se solidifica incesantemente por su propia individualidad. NO te quejarás de mis peroraciones. Medítalas, si valiesen la pena a orillas del viejo mar Cantábrico y da un saludo mío a la línea issobata de 200 m. de profundidad, muy proxima a esa costa. ¡Oh tiempos felices en que absorbía (sic) el italiano científico de Luigi Hughes, contemplando el huerto horaciano de mi padre!

Bien. Tu sabes mis intenciones y disculpas mis equivocaciones frecuentes.

Pasa o resto do inverno e a primavera aplicado ao ensino, visitando museos e teatros en Nova York e contándolle a Otero as súas impresións. Precisamente, no mes de xaneiro de 1921 é convidado á Universidade de Columbia polo sabio hispanista, profesor naquela Universidade desde 1918, Federico de Onís y Sánchez. Deste contacto xurdirá un traballo de colaboración entre Onís, R. Sanjurjo e Ernest Herman Hespelt que consistirá na edición da obra de Eduardo Marquina *En Flandes se ha puesto el sol*, preparada para o alumnado estadounidense de castelán; “edited with exercises, notes, and vocabulary, by Ernest Herman Hespelt and Primitivo R. Sanjurjo, with a critical introduction by Federico de Onís y Sánchez”, como declara o mesmo, e que acabará cristalizando xa cando el estea na costa oeste, en 1924.

Por fin, o 14 de xuño embarca de novo con destino a Ourense. Aproveitando as vacacións, vén casar coa súa noiva, reencontrase cos amigos, coa intención de volver aos Estados Unidos de inmediato coa súa esposa.

Imaxinamos un reencontro cheo desa calor humana tan súa. Primitivo permitirá que un par de capítulos orixinais dun libro en proxecto, *Escenas de Gigantomaquia*, sexan publicados, traducidos ao galego, por Vicente Risco ou Otero Pedrayo, nos números 6 e 7 (agosto e outubro) de *Nós*: “Do Padre Feixoo, capítulo XII das Escenas de Gigantomaquia” e “Xúpiter y-os Xigantes: Capítulo XXXVIII das Esceas de Xigantomaquia”.

Precisamente, neste número 7 de *Nós*, publícase unha nota sobre Primitivo da autoría, probablemente, de Vicente Risco na que amosa o recoñecemento da persoa e a súa radical singularidade:

Áchase entre nós por pouco tempo, o máis discutido dos escritores galegos. Primitivo R. Sanjurjo, que é un caso flagrante de arredismo individual, chegou polos seus merecementos a desempeñar unha cadeira de Literatura española do século XIX na Universidade de Ithaca (New York, E.U. de A.). O autor soado de “Las Mesetas Ideales”, que soubo levar xenialmente a escena, na súa traxedia inédita “La Princesa Legedia”, un celtismo de ensono da Armórica irmá que latexaba nos “Queixumes dos pinos” do bardo Pondal, e agora volve rexurdir nas novas producións de Cabanillas, non podía por menos senón contribuír á nosa obra galeguizante, cedendo a NÓS as primicias dun libro único e cheo de sorpresas que ten composto. Sanjurjo é ademais para todos nós un exemplo vivo de persistencia, de fe nas propias forzas, e nas propias concepcións estéticas, sen a máis pequena concesión á estulticia da época nin do ambiente. Sanjurjo non é samente un gran carácter intelectual, senón un gran carácter moral. Reciba o noso homenaxe fraterno.

Coa voda, Primitivo, o máis raro dos raros de Ourense, non só topa unha muller que o coidará, seguirá e admirará sempre, senón tamén acubillo satelital no seo dunha familia que xira ao redor da figura patrucial de don Francisco Salgado López-Quiroga e na que as tres fillas configuran un grupo moi compacto que se manterá ata a fin dos seus días. A voda é saudada por Basilio Álvarez en *La Zarpa* o 11 de setembro de 1921, que amosa a súa proximidade amical nun simpático artigo titulado “Al fin se rindió Sanjurjo”.

Máis sería, a crónica de *La Región* dese mesmo día 11 sinala:

En la madrugada de ayer santificaron sus amores, en la parroquia de la Santísima Trinidad, la distinguida señorita Raquel Salgado, hija del fiscal de esta Audiencia, D. Francisco, y el doctor en Filosofía y Letras D. Primitivo Rodríguez Sanjurjo, catedrático de Literatura Española en la Universidad de Ithaca, Nueva York.

Bendijo la unión el culto sacerdote vigués, elocuente orador monseñor Álvarez Martínez; apadrinando a los contrayentes el exdiputado a Cortes D.

Antonio Salgado, tío de la novia, y doña Isabel González de Rodríguez Montero, tía del contrayente.

Firmaron el acta como testigos por parte de ella, el gobernador civil Sr. Rosón y el médico-director de la Beneficencia Provincial Sr. Sabacedo; y por parte de él, el abogado jefe del Estado Sr. Cuevillas y el director de la Normal, Sr. Amor.

En casa de la novia fueron obsequiados los numerosos concurrentes a la boda con un espéndido *lunch*.

Los nuevos desposados a quienes deseamos mil felicidades, salieron ayer para los Estados Unidos.

Casan de madrugada, rodeados do mellor da sociedade ourensá, amiga de ambas as partes. A voda é recollida nas crónicas da prensa e tamén na revista *Vida Gallega* nº 183, con foto dos noivos. Imaxinamos nese *lunch* aos amigos do convidado escoitando ou entoando a inédita “Canción de América” que parece escrita por Primitivo para a ocasión e que se conserva entre os papeis da Real Academia Galega. Comeza así:

CANCIÓN AMÉRICA

Te voy a embarcar a América
En una barca de amor;
Y al pié de una luna esférica
Sonará un dulce tambor.
Porque América es la dama
Que sus fulgores nos lanza;
Cuando Nueva York se inflama
El Brasil alza su panza.

Coro

Qué bien se baila esta contradanza,
Estando todos de buena chanza.
Su cintura es dislocada,
Y en Panamá, bien se ve,
Porque le ha apretado un Hada
En Méjico su corsé.

A viaxe terá a súa complicación. O día 23 de setembro chegan a Nova York no barco “Lafayette” que saíra do porto francés de Le Havre o día 14 de setembro.

O caso é que ao chegaren á aduana neiorquina tópanse cun problema. Primitivo leva permiso de residencia en regra, pero a súa muller, Raquel, non. A cota de inmigración española xa estaba completa a esa altura do ano. E debe quedar retida na Illa de Ellis agardando a repatriación. Primitivo non acepta esa decisión e, ao tempo que permaneceu coa muller en situación de detención voluntaria, ameazou con que se non se lle permitía a entrada á esposa, tampouco el quedaría no país, e botou man dos contactos universitarios. Desde a Universidade promoven a aparición do caso en moitos xornais de Estados Unidos para procurar a simpatía pública co recén casado e forzar así a decisión política. As crónicas reflicten a serenidade de Raquel e as vantaxes grazas á súa formación e ao dominio do inglés, adquirido na súa nenez de boca de Miss Cook, institutriz inglesa de Raquel e das súas irmás. Os problemas soluciónanse en breve (o día 29 “libéрана”) e pode emprender esta segunda etapa da súa vida americana.

O curso seguinte, 1921-1922, tamén en Ithaca será, cremos, o seu tempo máis feliz en América. A presenza da muller e o nacemento da súa filla, o 13 de xuño de 1922, serán claves. A nena será inscrita como: “Josephine Consuelo Casilda Antoine Sanjurjo” pois seica tiñan prevención á utilización do nome da nai, de orixe xudía, Raquel, polos prexuízos da sociedade na que se movían.

MIDDLEBURY COLLEGE (1922-1923) E AS *ESCENAS DE GIGANTOMAQUIA*

O seguinte curso, 1922-23, será profesor no Middlebury College, universidade privada especializada en linguas e literaturas estranxeiras no condado de Vermont, a uns trescentos quilómetros do destino anterior e preto xa da fronteira con Canadá.

Durante o verán de 1922, nas “Summer Sesions” impartirá un ciclo de conferencias sobre pintores españois (Zuloaga e Romero de Torres; Rusiñol e Nardiz, Sorolla e Meifren; Fortuna e Rosales; Goya; Velázquez) para 105 alumnos. Halle pedir a Otero que lle envíe os materiais bibliográficos.

Pero o descontento co mundo que o rodea vai medrando e non se atopa cómodo en Middlebury, como reconece nunha carta posterior:

En Middlebury estaba medio enterrado. Hice esfuerzos gigantescos para hacer comprender a las gentes de aquel pueblorrio que la climatología inglesa del nombre, significaba tal cosa. Todo inútil.

Trata de fuxir do ambiente opresivo que o rodea e viaxa, en marzo de 1923, como conferenciante extraordinario e hóspede de honra da Universidade de Toronto (Canadá), onde imparte tres conferencias sobre o *Amadís de Gaula* e as correntes ocultas nos libros de cabalarías, as Directrices da arte española, e Rubén Darío e as súas influencias sobre España e América. Unha copia de “La princesa Legedia” está hoxe nos seus arquivos; son 62 folios mecanoscritos.

Sobre Rubén Darío, e precisamente con este título “Sobre Rubén Darío”, publica na revista *Mercurio Peruano. Revista de ciencias sociales y letras*, de Lima (ano VI, vol. X, 376-388), unha ampla aproximación, lírica e sensitiva, ao admirado autor, nun ton furibundamente antiacadémico. Encabeza o artigo co poema rubeniano “Letanía de Ntro. Sr. Don Quijote” que remata “De las epidemias de horribles blasfemias/ De las Academias, / Libranos, Señor” e conclúe el o seu:

El poeta egregio de hoy bailó sus propias rimas con sus propias melodías ingénitas alrededor de su propio enigma espiritual, desnudo ante sí mismo y ante las muchedumbres de todos los continentes; y se ha sentido orgulloso de estar abyecto ante sus propios ojos dando la sangre de su cerebro en una exaltación supremamente onánica, ante las multitudes acéfalas de comprensión; pero él bailó en torno al Sol oculto que nos preside, que es un Dionisio persistente en los hombres y en las cosas; y su cerebro gigante, residuo probable de una última rama de familias Atlantes, es el único enlace del cual puede originarse la corriente de hilos misteriosa que salía de aquel laberinto de Creta y en donde yacen sepultados todos los que se guían de la escoria de las Academias.

Nestes tempos de illamento en Middlebury, decide o impulso á edición xa das “Escenas de la ingente y anacrónica Gigantomaquia”, como denomina nunha carta do 30 de agosto de 1922, aínda que axiña lle quedará o nome simplificado con *Escenas de gigantomaquia*. Encarga a edición da obra a Otero Pedrayo, a quen lle envía ao longo dos seguintes meses (entre setembro e marzo de 1923) en cinco remesas distintos capítulos da obra. Aínda que o

escritor de Trasalba fai de intermediario perante a imprenta La Región, non perde Primitivo detalle das características físicas do libro, escollendo tamaño, papel, tipo de letra, e volvéndose especialmente meticuloso co tema das erratas. Sobre o asunto da edición da obra tamén se cartea con “Papá Francisco” — que era como lle chamaba ao sogro— e mesmo probable copartícipe na edición dun libro que custou mil pesetas. Antes de acabar o ano 1923 Francisco Salgado é promovido desde o posto de Fiscal na Audiencia de Ourense á Presidencia da Audiencia de Albacete e, aos poucos meses, a Fiscal da Audiencia da Coruña, onde toma posesión en febreiro de 1924. Deste xeito a familia da súa esposa Raquel esvae, definitivamente, os seus lazos con Ourense.

O libro verá a luz o día 19 de xullo de 1923, e está composto por 48 capítulos, en 317 páxinas. Vai precedido por tres citas (“Lemas”) moi ao xeito, recollidas do *Quixote* e unha elaborada dedicatoria a quen lle abriu as portas americanas, Federico de Onís.

Ao pouco de ver a luz o libro, no xornal *Galicia* do 24 de outubro aparecerá un amplo comentario sobre este, feito polo seu amigo Otero. A valoración non pode ser máis axeitada e obxectiva. Destaca a estrañeza da obra (...un libro singular, de una eclosión extraña en la actividad literaria de estos días: de un desbordamiento espontáneo y sencillamente expresivo del mundo interior de un gran poeta), cualifica o libro como “fuerte y original” e continúa:

Integran las “Escenas de Gigantomaquia” una serie de diálogos entre los Dioses Olímpicos, alternando con la narración de los trabajos y los días de los héroes y de los dioses siempre preocupados con los destinos de los hombres. Inspira casi todas las páginas una exaltación que mejor que apolínea es, tal vez, dionisiaca. Pero sin la acritud de un Nietzsche, con la sencillez cósmica de un Goethe.

[...]

El lector sincero y comprensivo sacará del espíritu y estructura [sic] del libro una impresión plenamente optimista al ver que aún existen escritores capaces de dirigir sus cuádrigas hacia las más altas metas y de cubrir con su disco sportivo el disco del sol. Hecho insólito en nuestra cultura un poco vieja y al parecer más erudita que original.

Otero quéreo ben, a pesar da súa gran dispersión. No *Libro dos amigos*, adoza as súas valoracións críticas coa comparanza co vello Marcelo Macías:

Cecais non casou, nin xiquer, por un minuto de agarda os conceptos e as verbas. Sanxurxo procuraba na prosa dourada de náufragas naves antillas en ponto amargo en longo solpor de Nietzsche o espírito de Esquilo. Non foi home de vontade. Non podía curtar o fuste na canteira. Envolveito nunha fuga de cervas brancas no bosque coidaba ser o tema no mundo o bruído das ponlas. Ferosa despedida do Simbolismo iniciado por Creuzer na ciencia, foi cecais a vida e arte de R. Sanxurxo como a arte e vida de don Marcelo Macías foi a despedida do Humanismo.

Algúns dos títulos dos capítulos do libro son:

- I. De la disputa de Géminis.
- II. Del baño de Venus.
- III. De lo que trataron los animales celestes.
- IV. Del viaje de Pierrot.
- V. De un trabajo especialísimo de Vulcano.
- VI. De lo que se armó por unas murmuraciones del sensato Cefeo.
- VII. De las consecuencias de un diálogo entre el Delfín y la Tortuga.
- VIII. De un famosísimo carnaval que hubo en el cielo.
- IX. Del descenso a la tierra de los dioses olímpicos y de su entrada en la Catedral de Santiago de Galicia.

Vexamos, como exemplo, o capítulo II, Del baño de Venus:

Otra tarde calurosa de verano se hallaba Venus tan sofocada que determinó tomar un buen baño. Pensó donde debía hacerlo, siendo su primer pensamiento dirigirse a orillas del río Eridano. Cuando llegó allí vió que iba bastante seco y muy sucio; al regreso de su perdido paseo contempló a Ganimedes volcando como siempre incesantemente su ánfora de cristal, cuya agua salía transparente y espumosa como la de una catarata. Venus, gozosa, determinó bañarse en aquel sitio sintiendo el deseo del baño y de la ducha aun tiempo mismo. Ganimedes, imperturbable y sin hacerla caso continuaba en su tarea, cuando vió que Venus se había puesto totalmente desnuda delante de él.

—Que es lo que quieres de mí?, le dijo Ganimedes todo asombrado.

—Nada —contestó la diosa— vengo sencillamente a bañarme en estas limpi-
das aguas.

—No puede ser— le replicó el— porque éstas no son aguas de placer sinó de
transparencia del alma y de juicio analítico puro; son aguas para los sabios
unicamente.

Mas, Venus, tan terca se puso que se sumergió rapida en el fondo de ellas y
gozando loca de delicia al sentir la ducha por los cabellos y todo el cuerpo.

Ganímedes, le dijo: —Sea, ya que lo quisiste. Ojalá no te pase algún contra-
tiempo desagradable.

—No tengo nada que temer —repondió Venus.

Pero, en esto sucedió una cosa extraña, y fué que la estrella del Pez Austral
que flotaba entre las aguas de Ganímedes, se incrustó tan fuertemente en
cierta parte bellísima y deliciosa del cuerpo de la diosa Venus que por más
que sus manos rosadas forcejeaban por quitarla de aquel sitio, no lo pudo
conseguir; y al verse obturada y quizás para siempre, temerosa de que el
amor de Marte le volviese la espalda ante aquel contratiempo muy serio,
decidió abandonar el cielo y bajar a la tierra para ocuparse de los escenarios
de los grandes teatros bailando la danza de Salomé. El gran Sultán de
Marruecos la vió un noche en París quedando prendado de su hermosura,
pero al ver que ya no servía como otras mortales para sus fines, la rechazó,
pasando en todas partes la diosa del amor y por tal circunstancia, muchos
desaires.

Finalmente, un sátiro escapado de los montes de Tracia, y disfrazado de
aristócrata, le arrancó la estrella cierta noche con sus dientes.

O libro no que tantas esperanzas tiña pasou, realmente, desapercibido. Era
unha obra sumamente estraña para o gusto da época, e publicado en ausencia
en Ourense, sen ninguén que pulase por el, máis alá dos círculos de coñeci-
dos. O certo é que entre os fondos entregados á Real Academia Galega figura
unha boa cantidade de exemplares desta primeira e única edición.

Pero Primitivo tamén estará nesta época moi atento ao acontecer do
mundo contemporáneo. Publicará dous artigos para a revista *Current history*
que edita o New York Times. Así, o primeiro trata das reclamacións españolas
no norte de Marrocos (“Spanish Claims in Morocco”, en *New York Times*
Current History of the European War 5, 816-819. Vol. 17. Nova York, 1923) e o

segundo, “Socialism in Spain” en *New York Times Current History of the European War* 2, 237. Vol. 19. Nova York, 1923.

En calquera caso, o tempo de Middlebury tocaba á súa fin. Cambios administrativos e farta do lugar. E iso que estaba a uns poucos quilómetros do maior centro de referencia do espiritismo americano, a granxa de irmáns Eddy, que se fixera famosa grazas á difusión dos supostos fenómenos paranormais —aparicións etc.— investigados polo Coronel Henry Steel Olcott e Helena Blavatsky, pais da Teosofía e Espiritismo moderno. O 15 de setembro dille a Otero:

El hecho es que allí me sucedieron cosas estrañas, que solo leyendo a Roso de Luna, a proposito de lo dice el coronel Olcott sobre los duendes de la famosa granja de los Hedí [sic. por Eddy] en el Vermont, puedo explicármelas.

WASHINGTON UNIVERSITY, SEATTLE (1923-1926), O DESENCANTO

Os tres cursos seguintes, 1923-1924 a 1925-1926, estará como profesor no outro lado do país. O traslado terrestre ata Seattle, no estado de Washington, no extremo NW dos EEUU, halle permitir ver paisaxes de todo o país. Na relación de cartas que envía da viaxe, sinala as súas impresións de Chicago, Dakota, Montana, Yellowstone e as esperanzas que ten depositadas na costa oeste.

Pero o lugar e as xentes van decepcionar profundamente. A súa opinión sobre o pobo norteamericano empeorará de forma radical e amosarase cada vez máis desequilibrada e exaltada. Nunha carta do 12/XI/1923, ao pouco de chegar, logo, dille a Otero:

No he querido aprender inglés hasta la fecha: mi espíritu se subleva ante su absurda construcción y bárbara pronunciación; además sé que una vez aprendido sería en mí un arma inútil ya que no se puede exteriorizar en público ninguna idea, ni artística, ni social, ni política. Esto es la tabla rasa de todas las defecaciones europeas y paso la vida como un sonámbulo que tiene que hacer el clown de su personalidad. 200 Universitys y Colleges que no producen un filósofo, un poeta, dibujante o músico, dicen con elocuencia abrumadora toda la esclavización de un pueblo. Emerson, Poe y otros, están expulsados del aprecio general de los estudiantes; Ruskin y todos los prerrafaelistas, lo mismo, y en otros órdenes del pensamiento la vida toma aspectos aterradores. Esta nación no tiene derecho de vivir humanamente;

la mujer, la señorita, es el prototipo de las mujeres prototípicas del cabaret. Esto es un harem invertido y el matriarcalismo de hecho, bajo la férula de la gazmoñería protestante y de la censura de las energías intelectivas. La insulsez y la falta de paladar extienden sus tentáculos a fuerza de la atrofia del sexo y de una moral acomodaticia al riñon graso.

[...]

En fin, no quiero seguir por este camino describiéndote una vida social de cuentagotas y una vida espiritual nula. No te extrañe pues que me haya masturbado con las Gigantomaquias y siga haciendo lo mismo con mis elucubraciones de antaño. Cultivaré todo lo raro hasta la excentricidad mas extremosa. Si Dios me da vida, quiero dejar en libros futuros mi protesta ante la Sociedad Humana, ciega de sus derechos y de sus recuerdos mas gloriosos. ¡Permita Dios que todas las momias faraónicas tomen vida! ¡Permita Dios resucitar los tiempos caldeos, fenicios, persas y árabes! ¡Permita Dios exaltar el imperio chino hasta la enésima potencia! ¡Permita Dios que la India inglesa reconquiste, instaure, revolucione y dirija de nuevo al mundo! Y en cuanto a nuestra España, que Primo no sea de Rivera y si continental. Me gustaría ver a las armas españolas entrar en París, en Berlín, en Roma y en Constantinopla y Moscov. Me gustaría desterrar a Francia de todo el norte africano; y me gustaría que el mundo entero aislase a esta nación U.S.A, que si bien me da el pan, me quita el alimento espiritual, único que salva al hombre. ¡Vengan los Rusos! ¡Vengan las razas asiáticas! ¡Venga lo desconocido!

Y mientras tanto te abraza y se pone a los pies de tu señora, tu siempre invariable amigo,

Primitivo.

Segue moi atento ás evolucións de España e da ditadura de Primo de Rivera —a quen se refire habitualmente polo segundo apelido, Orbaneja— e expresa unha postura favorable a unha maior radicalidade da mesma e ao cambio do papel de España e dos españois no mundo. A súa palabra, na ocasión, lembra os manifestos vangardistas: (23/XII/1923).

[...] No hay que temer a lo anacrónico, porque es la ley invisible que nos preside. Todo absurdo es un hilo de oro que nos liga a los mas trascendente

y a la hora actual se impone para dislocar la astrosa geometría de las sociedades, rebaños retrasados que han olvidado su pindárico pastor.

Hay que abrir las válvulas del corazón y trotar como centauros para roturar los nuevos límites circundantes del ideal humano. Es hora de edificar la Ciudad por antonomasia, verdadero centro neutral y Acrópolis permanente de las sociedades del planeta...

En Seattle recibe lamentacións de Otero sobre a marcha da vida política e cultural, e retrúcalle (19/V/1924) cunha serie de queixas enorme sobre o país.

Pero tú no tienes derecho a quejarte ni lírica ni demagógicamente. Yo soy el que está estrujado por una monotonía imponente, por una apatía ignorante, por una vida de estrujadora mecánica y sobre todo por una incompreensión innata de este pueblo. Te digo que tu en mi caso lanzarías una carcajada insultante y sin maleta huirías a enterrarte en un bodegon enxebre. ¡No sufrirías, no! esta atmosfera de presunción oficinesca, degradante para una mediana inteligencia. Aquí se aniquilan todos los valores ante la implume sencillez de esta hibridación, incapaz no ya de crear sino de conservar los tesoros de los siglos. Aquí, un editor es una plancha blindada y no tiene en cuenta las posibles minorías inteligentes: todo libro que no es asequible a las células de millones de hombres es rechazado; el arte obrero tampoco existe: es amazotado, lamido y toscó; la arquitectura de madera perdura como una amplificación lacustre; la mujer camina del marimacho al monstruo. Esto es la negación de los siglos, la soberbia del aislamiento continental, el imperio de la economía bursátil, el anonadamiento de las potencias humanas y la amplificación de la materia.

A súa canseira vai progresando. En carta de 17 de marzo de 1925 reconece sen máis “Me asfixio” e só uns días despois (28) sinala:

Las lunas del Pacífico, rojas como las razas autóctonas, me bailan en el craneo de un modo delicuescente. Siento nostalgias de todos los amigos. Ya ignoro sus nombres. Quiero conocer “Nos”. Enviadme todos todos sus números hasta la fecha. ¡Los pago doble! A Risco y Floro que tengan piedad de mi. ¡Se lo pido a gritos! Si no, serán conmigo en batalla descomunal.

Aínda deberá aguantar un ano. A finais de outubro de 1926 emprende viaxe de volta. Será a bordo do barco italiano *Piave* que terá como destino Xénova pero que fará escala en Barcelona. Conservamos un par de postais que envía a Otero nas paradas da viaxe. Unha, desde a entrada do Canal, o 30 de outubro, e outra o día 3 de novembro desde as Illas Virxes, posesión estadounidense no Caribe:

3 Noviembre 1926. Sto Tomás; calor, negros, bananas, caña de azucar, carbon y americanización. Las Palmeras no sienten al pino, claman por un estado fósil y en espera de nueva sumersión Atlántida. Los cónsules europeos venden baratijas. Se impone la hoja de parra. Te abraza. Sanjurjo.

Vén de América o matrimonio cunha nena de catro anos, multitude de experiencias vitais e incerto futuro laboral. A escritora dona Julia Saenz Angulo poñéndolle voz escrita ás lembranzas da nenez de Josefina, xa prestadas de súa nai, pois ela era moi nova, ten escrito un fermoso —e tráxico— relato sobre esta viaxe de volta.

A VOLTA DE AMÉRICA E A GABANZA DE BORGES

Contra finais do ano 1926 chega a familia de novo a Galicia, logo de ter desembarcado en Barcelona. As circunstancias cambiaran moito nestes seis anos. Don Francisco Salgado acaba de xubilarse na Audiencia da Coruña e está desexoso de reencontrarse coa súa filla, xenro e neta. Deste xeito, e ata que se asente laboralmente, Primitivo terá como domicilio principal a casa do sogro na Coruña, que alternará con visitas a Ourense, escasas e normalmente saudadas en *La Zarpa*.

Durante uns meses non temos noticias del ata que en xullo de 1927, no número 2 da revista literaria bonaerense *Síntesis* —dirixida daquela polo ourensán Xavier Bóveda— aparece unha moi xenerosa gabanza e reivindicación de Primitivo asinada por Jorge Luís Borges:

Primitivo R. Sanjurjo —nombre en cuyo general desconocimiento han colaborado la malignidad y la incomprensión— es una de las más apasionadas y aun indignadas inteligencias de la España de esta época. No el impasible amor intellectualis es suyo, sino la ardentía seráfica, las Tal veces y aventuras del pensamiento, el riesgo intelectual. Clima de heroicidad es el de su

prosa. Su guerra es contra lo insignificante —lo literalmente insignificante o no significativo— del hoy: el arte sin pasión, la filosofía sin curiosidad y sin maravilla, el mundo sin trasmundo. Nos hemos detenido, no ante la Muerte, sino ante el cadáver, escribe con terrible sentenciosidad, que saca a la vergüenza la incapacidad metafísica de nuestro tiempo.

Sanjurjo —que colabora por vez primera en América a través de las columnas de SÍNTESIS— es autor de Escenas de Gigantomaquia; el espectáculo de su propio pensamiento intentísimo le pertenece y nuestra codiciosa atención.

Neste mesmo número aparece o seu artigo “A toda la nueva estética”, que será unha introdución a un traballo moito máis amplo de reflexión totalizadora, máis difusa e dispersa que a que con título semellante “Preludio a toda estética futura”, ensaiara Vicente Risco en *La Centuria*.

Ao mes seguinte, en agosto de 1927, publica na Coruña un artigo titulado “Gallegos y andaluces, saudade, morriña y melancolía” na revista das festas de verán de Galicia, patrocinada e titulada *Domeq en Galicia*, no extraordinario nº 2, no que sostén unha orixe siria para a gaita galega.

De novo, un ano despois da primeira entrega, Primitivo publicará no número 15 de *Síntesis* (agosto de 1928) —arestora dirixida por Martín S. Noel— outra nova colaboración titulada agora “A toda nueva estética: el Pórtico”, e que inclúe capítulos I e II. A pronta extinción da revista non lle permitiu rematar a publicación do total do traballo que, segundo a copia mecanoscrita da Real Academia Galega, tamén tería unha entrega III, polo que constaría en total de 54 páxinas. O tema e desenvolvemento, densísimo e ao modo sanxurxiano, non tivo, que saibamos, repercusión nos cenáculos culturais do momento.

Un mes antes, no extra do 25 de xullo de 1928 publica n’A *Nosa Terra* un artigo titulado “O cabalo do Apóstolo de Santiago”, que, como os outros publicados anteriormente en *Nós*, posiblemente fose traducido polo amigo Otero ou por Risco.

Nestes tempos, participará, de xeito tanxencial e contraditorio, na vida política do momento. Así, o 13 de decembro de 1929 dará unha conferencia na sede da Unión Patriótica de Ourense ou, da man da FUE, outra en Santiago, o 24 de abril de 1930, sobre algo tan etéreo como “Ser o no ser. Esta es la cuestión”.

Precisamente na publicidade desta conferencia sinálase a Primitivo Rodríguez Sanjurjo como “Catedrático de Filosofía y Letras”, título que, esaxerado, se corresponde co seu traballo durante dous cursos, de 1929 a 1931, na Universidade de

Santiago como “axudante”. En concreto durante o curso 1929-1930 aparece na documentación como Profesor axudante que imparte as clases prácticas de Historia Antiga e Media, e no curso 1930-1931 como axudante de prácticas, neste caso da materia de Xeografía Política e Descritiva.

Nestes dous anos vai participar de forma continuada na vida cultural do país pero desde un segundo plano e á beira dos amigos de sempre. Así, participa na montaxe da primeira asociación de escritores en Galicia, en xullo de 1930, e formando parte da directiva constituída polos máis destacados da intelectualidade do momento: presidente: Ramón Otero Pedrayo; vicepresidentes: Antón Vilar Ponte e Castela; secretario xeral: Álvaro das Casas; vicesecretario: Cándido Fernández Mazas; tesoureiro: Vicente Risco; contador: Roberto Blanco Torres; bibliotecario: Jacinto Santiago; e como vogais: Valentín Paz-Andrade, Rafael Dieste, Jesús Val, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Florentino Cuevillas e Felipe Fernández Armesto. Tamén o vemos como participante nas homenaxes a Otero en xuño de 1930 ou ao xornalista Blanco Torres. E nese mesmo verán do 1930, segundo recolle, por exemplo, *El Compostelano* do 2 de xullo, participa cun grupo de ourensáns nunhas xeirás de divulgación da cultura galega polas vilas de Ourense. Participarán Otero, Risco, Cuevillas, Peña Rey, Blanco Torres, Álvaro das Casas etc.

Desde A Coruña, o 21 de setembro de 1930 escribelle un longo poema — máis de cen versos— de exaltación xeográfica a Otero, que remata:

¡Estrimnia! ¡Viva Strimnia!
Desde las bajas a las altas rias;
Hasta el Pico Teleno y Suspirón;
De la Sierra de Queija al Barbantiño;
Y desde el Finisterre al corazón.
¡Lucus Augusta!; desdeñemos Brácar
Rios de olvido para Portugal
(Que los negros con ellos las compongan)
Y el Sil como lanzón tradicional.
Casa romanas; ídolos vetustos;
Patriarcalismo puro es lo ideal
(Galleguismo de pega solamente
que lo rumie y devuelva Bugallal)
Castros ingentes con augures sabios

Y en Mellid pitonisas de pasión
 Antigua, augusta; y que nos envuelvan
 En una verdadera tradición.
 Por la copia de FLAVUS CLAUDIUS JULIANUS TEODORIANO
 Tu invariable amigo, P. R. Sanjurjo

O caso é que remata o curso e o traballo en Santiago, no verán de 1931 vivindo na Rúa do Vilar nº 13, 1º, de Santiago, esperanzado cunha novas oposicións, tal e como sinala nunha carta a Otero: “El Museo Gallego va limpiándose, dispuesto al remozamiento moderno y nosotros aquí también limpiándonos, limpiándonos del todo, y esperando ¡ay! por los paspródicos tribunales de Cátedras que Dios confunda”.

A súa estabilidade laboral ha chegar, pero non no ensino universitario, senón no medio. En xaneiro de 1932 incorpórase como interino a un centro de nova creación: Ceuta. A *Gaceta de Madrid* do 30 dese mes recolle o nomeamento de Catedrático interino, con errata incluída no nome:

Ilmo. Sr.: Creado el Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Ceuta, por Decreto de 9 de Octubre último, Este Ministerio ha tenido a bien nombrar Catedrático interino de Lengua y Literatura castellanas a D. Patricio (sic.) Rodriguez Sanjurjo, con el sueldo anual de 4.000 pesetas y demas beneficios concedidos a los funcionarios que prestan sus servicios en la Zona del Protectorado de España en Marruecos. Lo digo a V. L para su conocimiento y demás efectos. Madrid, 25 de Enero de 1932.

En Ceuta estaría só cinco meses e 28 días, segundo a Folla de Servizos que se conserva no IES Lucus Augusti de Lugo, pois oposita de novo de forma definitiva, nos inicios do verán de 1932. O poeta Manuel María relata terlle oído contar a Otero Pedrayo que formou parte dese tribunal.

En calquera caso, será tamén o transmisor de disparatadas anécdotas sobre o comportamento de Primitivo diante dos tribunais. Seica refería Otero, di Manuel María, que unha vez en que lle filtrara o tema dun exame, co coñecemento de pertencer ao tribunal, Primitivo negouse á indicación, porque, segundo os seus cálculos astrais, a pregunta sería, sen dúbida, outra.

O caso é que con data de finais de xullo intégrase no corpo de Catedráticos Numerarios de Institutos de Segunda Enseñanza, na categoría novena —a

última— e con soldo de 6.000 pesetas. A alegría, obviamente, foi enorme. Mesmo na revista *Vida Gallega*, na que incluía de forma continua o seu sogro poemiñas populares, no número 531 de finais de 1932, aparece un artigo sen sinatura, pero seguramente do director Jaime Solá, “Gallegos ilustres. El nuevo triunfo de Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, na que fai unha gabanza desproporcionada do noso autor.

Primitivo está a punto de cumprir os cincuenta e dous anos e ten unha filla —que será única— de xa dezanove anos, cando consegue a degoirada estabilidade laboral.

En setembro de 1932 intégrase pois na súa praza do instituto de Baeza —onde pairaba a lembranza do paso de Antonio Machado entre 1912 e 1919 e onde coincidirá nalgunha ocasión con el, de visita á cidade onde dera clase— e permanecerá nese destino tres cursos, ata que consiga o traslado a Lugo.

Nestes tres anos (1932-1935) tan profundamente avoltos política e socialmente, illarase progresivamente dos intelectuais do seu tempo e terá unha escasísima actividade pública. Publicará un longo poema solto na revista literaria *Cristal de Pontevedra*, titulado “Preludio a los nocturnos”, nº 7 xaneiro de 1933, e pouco máis.

Nesa primavera, o día 27 de marzo, mórrelle o pai e así as súas relacións con Ourense esmorecerán de xeito case definitivo.

PROFESOR EN LUGO

Primitivo, desacougado e sen vea literaria activa logo da falla de éxito das *Escenas*, quere achegarse a Galicia. Conseguirá praza no Instituto de Lugo no curso 1935-1936 e coincidirá alí con Xosé Fernando Filgueira Valverde, vello amigo dos amigos. Vivirá na céntrica rúa de Teniente Coronel Teijeiro, número 2, durante os doce anos de exercicio nesta capital. Moitas fins de semana e todas as vacacións pásaa na Coruña, na rúa Orzán 70, na casa do vello sogro que vén de cumprir os 76 anos nese verán de 1935.

Os tempos son moi avoltos e non doados para emprender proxectos, ademais a súa saúde comeza a enfraquecer por causa do seu agudísimo tabaquismo.

Ao seu amigo Otero insístelle no envío de exemplares do seu manual escolar para usar como libro de texto cos seus alumnos. E Otero envíallos; un deles, cunha dedicatoria en latín, tan ao seu gusto:

DOMINO PRIMITIVUS RODERICI SANCTUS JACOBUS, SAMOTRIARUM CULTOS IMPICER HIEROFANTEM, SATANICE AULAE PROTOPROEDUS ATQUE VENUSIACU FANUS CAUSTOS. DICO. OBSECRO. CONSACRO.

E no remate do primeiro curso de docencia lucense estala a Guerra Civil. A súa parálise inicial —é incapaz de escribir aos amigos en varios meses— debe ser, sobre todo, por motivos de carácter. Esas esaxeracións de necesidades de violencias e sangues anovadores que sinalaba nalgunhas cartas americanas estanse convertendo en horrorosas realidades. El, libre dos ideais políticos galeguistas de moitos amigos, vivía no medio da dor e nunha especie de nube adaptativa moi sólida. Canda el é docente no instituto, como dicíamos, Xosé Filgueira Valverde. Outros amigos lucenses, como Evaristo Correa Calderón, seguiron evolucións máis ou menos parellas. Nunha das primeiras cartas que envía a Otero amósase máis críptico e escuro que nunca. Así, o 3 de xaneiro de 1937 escribe:

Queridísimo Ramón: San Silvestre ha entrado en su silla gestatoria por la puerta zodiacal del Capricornio y La Coruña bate sus mareas contra peñas seculares. No hay sirenas que endulcen mi oído interior y te rechazo esos esbozos dieciochescos con que intentabas enmarañar mi mente trascordada de Verlain, el pobrísimo. Aquí me curo a sorbos románticos con una Virgen de la Silla en la parroquia de Santiago (bloque compacto y de una academia soberbiamente romana del XV. Aun recuerdo sin embargo a la Amada de la Hélade guardada para futuros planes, injertados en este ambiente español, tan necesitado. No tengo tiempo de expresarte con cuanta avaricia guardo el oro fino novecentista, independiente de los otros crisoles ya rotos y los demás perdidos en las regiones de lo imposible que terminó. Hay que edificar nuevas Citanias en los terrenos cabrunos operantes del día, la espada del Caballero de los Sueños, del conocido y exaltado Caballero (versos inéditos que conoces) tiene que cincelar sobre la dura roca, parto vivo del Caos. Total, me dirás: incongruencias. He meditado mucho en este tiempo pasado y sobre todo en el anterior de lo que acaba de pasar. Hice mis conjuros zodiacales con fecha preventiva y resultado el milagro de los Milagros. Desdeña mis viejas aficiones, pero ellas me han envuelto en el aura propicia para manejar el filo del tiempo que solo las Normas conocen. Di a Risco que los Maestros lo disponen todo;

esos Maestros Mahatmas que han sabido torcer el destino de los Temores modernos y que serán reducidos a los confines de la Mongolia exterior para pasto nipón. En cuanto a la pérfida (The Kindom of Great Britaniam), la tengo cojida: está desarmada; es un ángel diabólico que porta un escudo con banda (la de S. Jorge). Pero San Jorge, soy yo. Y está divertida. Venir a defendernos contra Napoleón y no poner su espada contra las Hordes ¡no se lo perdono! Perderá toda su hegemonía en el mundo muy en breve. Los cielos, aquí esperanza.

Y aquí me tienes; en el crisol de los setenta y dos puntos estrellados.
Abrazos multiples de tu siempre, Primitivo.

Por este tempo a súa cuñada Lía comeza a traballar en Burgos, como Técnica do Ministerio de Información. Probablemente fose a introdutora da súa irmá Sara como locutora de Radio Nacional de España e a impulsora do traslado de ambas a Madrid unha vez finalizada a Guerra. Nesa edificación de “nuevas citánicas en terrenos cabrunos”, Primitivo achega a súa participación, talvez animado polo sempre influente sogro. Así, segundo consta pormenorizadamente no seu expediente docente, conservado no IES Lucus Augusti de Lugo, imparte conferencias no “Hogar del Herido” de Lugo, participa nos actos sobre do II Milenario que celebra a Deputación de Lugo en maio de 1938 cunha charla sobre “Agusto y su obra política y militar”; imparte dúas charlas para conmemorar as festividadeas de Santo Tomás de Aquino cos títulos de “Alcance geográfico e histórico del Imperio Español” e “Santo Tomás y los precursores”; e comisionado pola dirección do instituto, durante tres cursos organizou diversas conferencias patrióticas en datas do Movimiento Nacional. Seguramente desta época e para unha destas circunstancias —o primeiro aniversario da morte de José Antonio Primo de Rivera— é un manuscrito de doce cuartillas que recollen un discurso de enalzamento do home. Comeza así:

JOSÉ ANTONIO. Lucero, él. De sus rayos que iluminan todo el ambiente del suelo de la Patria, cada uno de nosotros que se siente con el fervor de sus ansias infinitas, debe recoger de una de sus irradiaciones para alumbrar en el interior del propio santuario de su alma, no ya una lámpara romana sino una emanación verdaderamente délfica. Jose Antonio, español y niño no podía sembrar en un sentido escriturano sino en el alto sentido espiri-

tual y apolíneo de su juventud, que se elevaba al espacio fantástico de la vida libre de la opresión de la copia, en lo político y en lo espiritual...

O seu sogro, a quen tan unido estaría toda a vida o seu núcleo familiar, morre o día 9 de novembro de 1940 na Coruña. De alí a pouco, Primitivo sinálalle a Otero a intención de deixar Lugo, “Cicatrices de humanidad... me han hecho intentar un vuelo a las estepas. He pedido Valladolid”. Dá a impresión como se neste momento transcendente, en que xa non estará a figura do sogro na Coruña, Primitivo, con sesenta anos, co desacougo vital que o empuxara a vivir en moitos lugares, e cunha filla que xa marchara estudar á Universidade a Madrid coas súas tías Lía e Sara, decidise, tamén, intentar aproximarse á capital. A súa muller, Raquel, estaría encantada. Pide pois, no concurso de traslados do profesorado dese ano, praza en Valladolid, pero non a consegue.

O que non abandonará nunca será a súa vea estrambótica tinguida de erotismo e humorismo. Nunha felicitación do San Ramón a Otero, a finais de agosto de 1941, descríbelle unha escena vivida e recreada conforme á circunstancia bélica mundial que se desenvolve.

Parque del Casino de La Coruña. Bailan las chicas. Un tipo aburrido está sentado contemplando la pista y califica la gente según va entrando. Pasa una niñota con turbante: —Turbante. Otra buena hembra con turbante: —Masturbante. Una señora gruesa sin perder la línea que presume de rica: —Torpedero. Un señor de cuarenta y cuatro, siguiéndola: —Contratorpedero. Un pollo donjuanescos que sigue la pista: —Submarino. Una vieja que parece guapa por los afeites: —Stuka. Entra un pelotón de chicos bárbaros, tostados por la mar y con indumentarias extrañas, a pelo: —Indianópolis. Estos se introducen en el centro de la pista, interrumpen el baile y arman el escándalo. El espectador aburrido de analizar la subespecie de la nueva España, se pone en pié y grita: —Strómboli! y se marcha desesperado.

LEMBRANZAS

Os alumnos e alumnas que lembran a Primitivo destacan sempre a súa singularidade.

Luz Pozo ten a memoria máis xenerosa co ourensán e lembra nun artigo de Natalia Regueiro, “Conversando con Luz Pozo Garza: Preludios literarios de una escritora”, publicado na revista *Moenia*, nº 2 (1996), algúns episodios da súa relación:

Los profesores Evaristo Correa Calderón y Primitivo Sanjurjo fueron los primeros en descubrir mi vocación poética. Durante nuestra estancia en Viveiro, ambos profesores nos examinaban por libre —a mi hermano y a mí — en el Instituto de Lugo...

Don Primitivo Sanjurjo tuvo, también, mucha importancia en mi vida, porque me alentó y me distinguió muchísimo. En el tiempo de la guerra, nadie hablaba o trataba con aquellas personas que estábamos miradas como izquierdistas —nos llamaban rojos—. Don Primitivo tuvo relación con nosotros desde que, como catedrático de historia, nos examinó a Gonzalo y a mí. Era muy exigente, sabía muchísimo y se quedó prendado de mi hermano por su belleza, su inteligencia, su cultura y su capacidad. Ambos le habíamos impresionado. Sanjurjo destacaba, asimismo, por su carácter esotérico, cualidad que, junto con muchas otras, fue resaltada por Otero Pedrayo en *O libro dos amigos*. Tendría yo unos catorce o quince años cuando don Primitivo me llevó a su casa a tomar café con su mujer y su hija.

Entonces un catedrático no estaba, como ahora, al alcance de cualquiera. Recuerdo verlo siempre con su pose, su cuello duro, su sombrero y su bastón. Le decíamos “que usted lo pase bien, don Primitivo”, y decía “adiós”, con un saludo muy pitagórico. Me trataba con gran deferencia, como si fuera ya una adulta y me leía, con los ojos muy abiertos, sus poemas. Eran poemas simbolistas, parnasianos y de mucha categoría —parecidos a esos poemas que yo componía, con mucho adjetivo y con mucha imagen—.

Nunha liña parecida, o historiador da arte don Antonio Bonet Correa, Director da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, nun repaso autobiográfico con motivo da recepción do Premio Internacional Geocrítica 2013, publicado na revista da Universidade de Barcelona, *Scripta Nova*, sinala esa frutífera influencia.

En lo que se refiere a la Geografía, tengo que recordar que el catedrático de la asignatura era el Orensano Don Primitivo Rodríguez Sanjurjo, escritor y poeta que, en los años veinte, había participado en los movimientos de la vanguardia simbolista, se había interesado por las ciencias ocultas y, en los años treinta, había sido profesor de Universidad en los Estados Unidos. En la época, los catedráticos de Instituto editaban un programa impreso con las lecciones que iban a impartir a lo largo del año escolar. Don Primitivo, temeroso de ser molestado por las autoridades, redactó un programa en el que había todos los países excepto Rusia, a la que cándidamente eliminó para no ser acusado de partidario de un país comunista. Lo que he de decir es que tanto Filgueira Valverde gran investigador de la Literatura, del Arte y de la Cultura gallega, como Primitivo Rodríguez Sanjurjo influyeron poderosamente en mi formación humanística lo mismo que mi tío Evaristo Correa Calderón quien, por encontrarse de vacaciones en Lugo en el verano de 1936, fue uno de los mentores de mi ya entonces vocación literaria y artística.

Outras achegas de compañeiros e alumnos dannon impresións máis lixeiras e humanas. Por unha banda, don Lázaro Montero de la Puente, Catedrático de Lingua e Literatura Castelá, no seu libro autobiográfico *Memorias de un don nadie* (1990) achéganos datos de cando eran compañeiros, e, por outra, don José Luis Salgado, nun artigo autobiográfico para *El Progreso* de 2 de maio de 1990, lémbra nos anécdotas simpáticas dunha personalidade avolta e curiosa.

[...] don Primitivo en sus clases, nos hablaba de todo menos del programa. ¡Qué deliciosas eran sus clases. Era un buen charlista, como por ejemplo, Cunqueiro, y sus clases transcurrían hablando de los ritos de Isis, de Osiris, de la mitología griega, de la cultura maya, de los petroglifos encontrados en las costas gallegas, de Asur, de Nínive, de Troya...

Creía en la Astrología y era frecuente que pasase la mayor parte del tiempo de la clase en el encerado, trazando horóscopos, con astros, líneas ascendentes, etcétera. Luego llamaba a un alumno, le preguntaba el día y la hora en que había nacido, y según el horóscopo que tenía de él, le ponía la nota correspondiente sin preguntarle palabra de la lección. Como aleatoriamente la suerte y la desgracia se compensan, no resultaba un desastre para los afectados. Era don Primitivo una gran persona...

Pero será o poeta chairego Manuel María quen lle dedique un artigo moi documentado, “Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, no libro *CL aniversario do Instituto Provincial de Lugo* (Manuel María 1994), que coas súas dezasete páxinas será o máis amplo documento sobre a súa vida publicado ata o momento.

Das súas impresións persoais, entresacamos:

As clases de don Primitivo eran deliciosas. Non seguía un programa. Nelas falaba dos mitos gregos, das lendas babilónicas, dos misterios do vello Exipto, do que lle cadra, dun xeito poético e fantástico, realmente insólito e sorprendente. Á maior parte dos alumnos todo aquilo parecíanlle invencións ou fantasías. Se cadra, éranas. Nós, dun xeito particular, bebíamo-las súas palabras e non cansabamos de escoitalo. Lembramos, dun xeito especial, o seu rabioso anticlericalismo.

[...]

Para nós D. Primitivo R. Sanjurjo foi unha criatura anxelical, un inocente no máis fondo sentido da palabra, unha criatura purísima que viviu noutro mundo que el creou para si. A súa humanidade, e a súa elegancia maiestática e os seus decires deslumbrándonos cando nós, adolescentes inxénuos, nos abríamos á vida co entusiasmo encendido e as ilusións intactas, aínda sen usar. Ese deslumbramento ó cabo de tantos anos, vive en nós dourado polos nimbos da lembranza. Como viven tamén, na nosa sensibilidade, algún dos seus poemas e moitos dos seus versos cos que o tempo —o mesmo que coas súas prosas— non foi demasiado piadoso.

Neste solpor progresivo da súa vida non esquece os intentos de gloria pasada e aínda terá algunha alegría. Así, o día 13 de decembro de 1942, coincidindo coa entrada do novo presidente Manuel Casás e a práctica reconstitución da Real Academia Galega nas novas circunstancias da posguerra, decidese a ampliación do número de académicos correspondentes. Cada un dos doce académicos de número presentes (entre os que se topaban o vello amigo Otero Pedrayo e o novo Filgueira Valverde) proporá a tres. Un dos trinta e dous novos nomeados será Primitivo.

A finais de agosto de 1945, escribelle desde Sanxenxo ao vello amigo ourensán Xavier Bóveda residente aínda en Arxentina, para tratar de publicar

naquelas terras unha reedición da *Gigantomaquia*. Na carta amosa a súa habitual decepción co mundo:

Desde los tiempos de *Síntesis* la cerrazón se ha impuesto en las letras españolas, donde los nuevos gerifaltes, insaciables buitres, se enseñorean desgranando un alfabeto desarticulado y puerilizado en imágenes. ¡Pobrecitos! Los oímos pero no los escuchamos. Por esto te digo que me encuentro en un islote de indiferencia absoluta, pero fiel a mi yo que se rebela en la acción solitaria y quijotesca...

Un ano despois, o 31 de agosto de 1946 escribe a súa derradeira misiva a Ramón Otero Pedrayo, tamén desde Sanxenxo, na que practicamente se despide da vida e amosa, unha vez máis, a súa admiración pola fortaleza do amigo:

Nos han estraperlado el sentido de la vida y tenemos que recordar y meditar mucho. Yo ya soy un barco a la deriva; será necesario el avión compostelano, pues el carballo mítico pasó a la historia. Día otoñal el de hoy, estaciones trastocadas y otros excesos. Tu permaneces invariable como un roca.

Me acojo, sin embargo, a mis nocturnos vivos de lo imaginario y de lo real transcendente y vamos *faciendo la vía* como surcos en el agua y rectas en el viento.

Os últimos tempos da súa vida estarán marcados por unha progresiva decrepitude física. Terá baixas prolongadas xa no curso 1946-1947 con residencia ocasional en Madrid. Nun clarificador informe médico asinado en Lugo o 4 de abril de 1947, o doutor Exiquio Sánchez Cuesta, Director del Dispensario Antituberculoso, sinala que Primitivo:

[...] es tratado por nosotros desde hace varios años por padecer una afección pulmonar denominada enfisema, que alcanza en este Señor grados insospechados a causa de sus bronquitis de repetición. A principios de invierno fue tratada una de tales bronquitis que manifestó un comportamiento infectivo bronconeumónico. De tal enfermedad quedó muy débil, habiendo sido nosotros, precisamente, los que le recomendamos fuera a pasar unos días fuera de esta ciudad en busca de un clima más suave y seco, lo que así hizo. Su proceso pulmonar

degenerativo le ocasiona una manifiesta incapacidad para andar y hablar, al menos en sus fases de exacerbación.

En setembro, xa non se incorporará a clases e uns meses despois, o vinte de decembro de 1947, morre en Lugo no seu domicilio. Os funerais celebráranse na Parroquia de San Froilán e será enterrado no Cemiterio Vello de Lugo.

O completa que é a nota curricular sobre o falecido publicada ao día seguinte en *El Progreso* transparenta que xa estaba preparada. Tamén publicará un artigo en dúas partes Ramón Otero Pedrayo, que será como un avance do escrito en *O libro dos amigos*. A crónica do enterro, recollida nese xornal o propio día 22, sinala:

El domingo, a las cinco de la tarde, fueron conducidos a la última morada los restos mortales del catedrático del Instituto Masculino de Enseñanza Media don Primitivo R. Sanjurjo Montero y Aguilar-Osorio, fallecido el día anterior. Numerosas personas de todas las clases sociales concurrieron a este acto, presidiendo el duelo, con varios familiares del fallecido, los directores de los Institutos de Enseñanza Media de la capital, señores Mendaña y Rodríguez Labajo, así como varios catedráticos de dichos centros.

Los alumnos del difunto catedrático conducían varias coronas de flores naturales con sentidas dedicatorias e iban siguiendo al féretro sobre el cual figuraban la muceta y el birrete del señor Rodríguez Sanjurjo.

En la iglesia parroquial de San Froilán se celebraron ayer solemnes funerales por el eterno descanso del alma de dicho señor.

También a este acto asistió mucha gente, oficiando la misa el muy ilustre señor arcipreste de la Santa Iglesia Basílica Catedral y profesor de Religión del Instituto Masculino don Gregorio Saavedra Ascariz, asistido de don Daniel Sarandeses Rodríguez, profesor de Religión del Instituto Femenino y del director de la Escuela Normal del Magisterio, don Celestino Saavedra Ascariz, como diácono y subdiácono respectivamente.

Hizo la ofrenda, en representación de la familia, el capitán de la Guardia Civil don Luís Álvarez Rodríguez, sobrino del extinto.

El duelo lo formaban los catedráticos de los institutos de Enseñanza Media Masculino y Femenino con sus respectivos directores, representaciones de la Inspección de Primera Enseñanza, direcciones de las escuelas normales y del Magisterio, del Patronato de Formación Profesional y de la Asociación

de Padres de Familia, siendo presidido por el Profesor Mercantil don Eduardo Encinas Diéguez, sobrino del fallecido.

Na necrolóxica figurará cos catro apelidos que gustaba de usar no final da súa vida, “Primitivo Rodríguez-Sanjurjo y Aguilar-Osorio”.

Nos días seguintes os seus amigos dedicaranlle saudosas lembranzas nos xornais galegos, sobre todo nas páxinas culturais de *La Noche*, pero tamén en *La Región*, ou *El Progreso*. Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Vicente Risco, Xosé Ramón Fernández e Antonio Couceiro Freijomil. O artigo de Risco, publicado o 1 de xaneiro de 1948, titúlase “Memoria de Primitivo R. Sanjurjo” e leva un subtítulo clarificador “Es pasmoso que solo unos cuantos le recordemos”; finaliza cunha declaración que hoxe, moitos anos despois, segue sendo totalmente válida. Decía:

La reedición de sus obras publicadas y la impresión de las inéditas sería un bien justo homenaje a la memoria de uno de los escritores más dignos de recordación y de ocupar lugar esclarecido, que ha tenido nuestra tierra.

En poucos meses, logo de resolver asuntos burocráticos relacionados coa pensión de viuvez, pechará Raquel o domicilio lucense e trasladarase definitivamente a Madrid, ao pé das súas irmás Lía e Sara e xunto á súa filla Josefina. Vivirán en moita relación as catro mulleres, en desafogada posición económica e recoñecemento profesional, con vivendas en Madrid e na serra madrileña, que, a medida que pase o tempo e vaian desaparecendo, confluirán en Josefina, filla e sobriña única.

A finais dos anos cincuenta, ante a desaparición do vello cemiterio lucense, a súa filla Josefina ponse en contacto coa familia de Ourense, en concreto coa súa curmá Victoria Álvarez, filla de Josefa María, irmá de Primitivo, para promover o traslado dos seus restos mortais a Ourense, de acordo coa vontade manifestada por seu pai. Hase encargar das xestións Luís Álvarez Rodríguez, o mesmo sobriño do defunto que xa falara en nome da familia no seu enterro. Así, o vinte de xullo de 1959 levantan os restos no cemiterio vello de Lugo, introducenos nunha caixa de metal forrada de madeira, feita por un ferreiro amigo da antiga rúa da raiña Victoria, e deposítanos no panteón onde están tamén seus pais, Juan e Casilda, e a maioría das súas irmás, moi preto da

morada definitiva do seu amigo Ramón Otero Pedrayo, na parte central do cemiterio de San Francisco de Ourense.

A filla de Primitivo, Josefina, consciente en 1991 de que era o último elo nesa confluencia sucesoria de pais, avós e tías maternas, ofreceulle á Deputación de Ourense o conxunto da biblioteca e fondo documental de Primitivo —incrementado por materiais do avó e da súa nai e tías maternas— e cuxa superficial descrición ocupaba trinta e sete folios naquela oferta. A vontade era sumar na Biblioteca da institución provincial este legado aos outros conxuntos que xa obraban no seu poder, como os de Eduardo Blanco Amor ou Ben Cho Shey. Porén, o asunto non deu chegado a bo porto e desde ese momento Josefina foi favorecendo sucesivas rupturas da unidade documental para que os materiais acabasen en mans de xente que os valorase. Así, por exemplo, as cartas de Unamuno, Rubén Darío, Otero Pedrayo, Roso de Luna, Margarita Xirgú, Rafael Cansino Assens, Vicente Risco etc., os orixinais dos debuxos astrolóxicos, e parte dos manuscritos seus, así como a maioría dos libros da súa biblioteca, moitos dedicados por Vicente Huidobro, Eduardo Marquina etc., foron vendidos ou regalados, sen que hoxe nos sexa posible localizar o seu paradiro.

No ano 2011, grazas ás xestións de Julia Saez-Angulo, amiga e albacea de Josefina, a Real Academia Galega foi receptora dos interesantes restos daquel fondo excepcional. Destacan fotos e documentación persoal, así como algúns orixinais inéditos como “El Bergantín”, obra dramática de 68 páxinas, “Nocturnos de lo imaginario y lo real”, conxunto de 20 poemas, “La noche de Noél de Enrique de Villena”, 18 folios de ensaio, e os mecanoscritos de “A toda nueva estética” onde hai uns vinte folios non recollidos no publicado en *Síntesis*.

Estamos, pois, en boa circunstancia para recuperar e valorar de novo, xunto coa memoria dunha vida moi singular, unha interesante obra de dimensións manexables pero case descoñecida na actualidade.

OBRA PUBLICADA DE PRIMITIVO RODRÍGUEZ SANJURJO

Libros

Las Mesetas Ideales. Madrid: Antonio Marzo, 1910. [154 páxinas].

Escenas de Gigantomaquia. Orense: La Región, 1923. [317 páxinas].

Errores de la división provincial de España y fundamentos geográficos para una nueva división en provincias. Madrid: Vicente Rico, 1925. [Tese de doutoramento presentada en 1905, 49 páxinas].

Marquina, Eduardo (1924): *En Flandes se ha puesto el sol*. Edited with exercises, notes, and vocabulary, by Ernest Herman Hespelt and Primitivo R. Sanjurjo, with a critical introduction by Federico de Onis y Sánchez. Boston, New York: D.C. Heath and Company. [Colaboración en libro colectivo destinado aos alumnos de castelán en USA].

Varia

- “Paráfrasis de Salomé”, *Mundial Magazine* 6, 311-312. París, decembro de 1911. [Ilustracións de Xiro].
- “El iceberg”, *Mundial Magazine* 16, 312. París, agosto de 1912. [Poema]. [Transcripción íntegra do discurso sobre Rubén Darío na “Velada de Homenaje a la memoria de Rubén Darío”, *La Región* 20 de febreiro de 1916.
- “Paráfrasis del Rey Serpiente”, *La Centuria* 1, 4 e ss. Ourense, xuño de 1917.
- “Horóscopo de S.M. el Kaiser Guillermo II”, *La Centuria* 1, 18. Ourense, xuño de 1917. [Beta Herculis, pseudónimo].
- “Paráfrasis de Arethusa, de Europa y de la Venus de Milo”, *La Centuria* 2, 4 e ss. Ourense, xullo de 1917.
- “Horóscopo de S.M. el Rey D. Alfonso XII”, *La Centuria* 2, 19. Ourense, xullo de 1917. [Beta Herculis, pseudónimo].
- “Horóscopo de Lloyd George”, *La Centuria* 3, 19. Ourense, agosto de 1917. [Beta Herculis, pseudónimo].
- “Cólquida”, *La Centuria* 4, 8 e ss. Ourense, setembro de 1917. [Poema].
- “Horóscopo de Luís Amadeo de Saboya”, *La Centuria* 4, 23. Ourense, setembro de 1917. [Beta Herculis, pseudónimo].
- “El calendario universal”, *La Centuria* 5, 11 e ss. Ourense, outubro de 1917.
- “Horóscopo del primer gobierno de concentración de los partidos políticos de España”, *La Centuria* 5, 23. Ourense, outubro de 1917. [Beta Herculis, pseudónimo].
- “Del aquelarre proyectado por una pipa”, *La Centuria* 7, 6 e ss. Ourense, xullo de 1918.
- “Nocturno. A la memoria de Arturo Vázquez Núñez, sabio arqueólogo orensano”, *El Sol*, 13 de agosto de 1919.
- “Do Padre Feixoo. Capítulo XII das Escenas de Gigantomaquia”, *Nós: Boletín mensual da cultura galega* 6, 3-5, 20 de agosto de 1921.
- “Xúpiter y-os Xigantes: Capítulo XXXVIII das Esceas de Xigantomaquia”, *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, 7, 8-10, 25 de outubro de 1921.

- “Sobre Rubén Darío”, *El Mercurio Peruano. Revista mensual de ciencias sociales y políticas*, Año VI. Vol. X, 377 e ss. Lima, 1923.
- “Spanish Claims in Morocco”, *New York Times Current History of the European War* 5, 816-819. Vol. 17. Nova York, 1923.
- “Socialism in Spain”, *New York Times Current History of the European War* 2, 237. Vol. 19. Nova York, 1923.
- “A toda la nueva estética”, *Síntesis* 2. Buenos Aires, xullo de 1927.
- “Gallegos y andaluces. Saudade, morriña, melancolía”, *Domecq en Galicia* núm. extra 2. A Coruña, agosto de 1927.
- “O cabalo do Apóstolo Santiago”, *A Nosa Terra* 251, 25 de xullo de 1928.
- “A toda nueva estética: el pórtico”, *Síntesis* 15. Buenos Aires, agosto 1928.
- “Preludio a Los Nocturnos”, *Cristal* 7. Pontevedra, xaneiro, 1933. [Poema].

REFERENCIAS PRINCIPAIS Á OBRA DE PRIMITIVO ORDENADAS CRONOLOXICAMENTE

- Bachillerillo, El (1910): “Un poeta nuevo. Primitivo Rodríguez Sanjurjo. *Las mesetas ideales*”, *El Globo* 17/VI/1910.
- Devos, Prosper-Henri (1912): “Lettres de la Galice. VIII. Orense et le poète Sanjurjo”, *L'Etoile Belga* (Bruxelas) 15/X/1912.
- (1913): “Primitivo R. Sanjurjo”, *Le Thyrsé. Revue d'Art* (Bruxelas) t. XIV.
- Cansinos Asséns, Rafael (1917): “Ritmos y matices. Poetas Galaicos”, *La Correspondencia de España* 30/VII/1917.
- Reinach, Salomon (1918): “Dossier de la Venus de Milo”, *Reviu de Archeologie* (París) t. VII, I/1984, 184.
- Otero, R. (1923): “Escenas de Gigantomaquia. Por Primitivo R. Sanjurjo”, *Vida Gallega* 237.
- Cansinos Asséns, Rafael (1925): “Poetas y prosistas galaicos”, *La nueva literatura*. Vol. 2. Madrid: Páez.
- Borges, Jorge Luís (1927): “Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, *Síntesis* (Buenos Aires) 2.
- Otero Pedrayo, Ramón (1928): “Escenas de Gigantomaquia”, *Galicia. Diario de Vigo* 28/X/1923.

- [Solá, Jaime] (1932): “Gallegos ilustres. El nuevo triunfo de Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, *Vida Gallega* 531.
- Risco, Vicente (1948): “Memoria de Primitivo R. Sanjurjo”, *La Noche* 1/I/1948.
- Ramón y Fernández, José: “Morreu un poeta”, *La Noche* 6/I/1948.
- Cuevillas, Florentino L. (1948): “Las cosas de Orense. En memoria”, *La Región* 11/I/1948.
- Otero Pedrayo, Ramón (1948): “Parladoiro. Lembranzas”, *La Noche* 13/I/1948.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1948): “Escritores gallegos: Primitivo R. Sanjurjo”, *La Noche* 14/II/1948.
- Otero Pedrayo, Ramón (1952): “Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, en *O libro dos amigos*. Vigo: Galaxia.
- Risco, Vicente (1958): “En busca del Orense perdido: Guerras literarias”, *La Región*.
- Fernández Mazas, Armando (1989): “El poeta, ensayista y astrólogo Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, en *Ourense, Atenas de Galicia*. Ourense: Andoriña.
- Salgado, José Luís (1990): “Recuerdos de un alumno del Instituto Masculino. Imagen del profesorado en un espejo covenxo. Don Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, *El Progreso* 2/V/1990.
- Montero de la Puente, Lázaro (1990): *Memorias de un don nadie*. Sada: Edición do Castro.
- Manuel María (1994): “Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo”, en Instituto de Bacharalato “Lucus Augusti” (ed.), *CL aniversario do Instituto de Lugo*. Lugo: Deputación Provincial.
- Regueiro, Natalia (1997): “Conversando con Luz Pozo Garza. Preludios literarios de una escritora”, *Moenia* 2.
- Ventura, Joaquín (2000): *O nacionalismo kármico de Vicente Risco*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Rodríguez Fer Claudio (2002): “Borges desde o labirinto galego”, *Moenia* 8.
- Bonet Correa, Antonio (2013): “En la ciudad y en la historia del arte. Conferencia con motivo de la entrega del Premio Internacional Geocrítica 2013”, *Scripta Nova* 461.